



Ámbito social

Educación a distancia semipresencial

Módulo 1

Unidade didáctica 4

A Idade Antiga. As civilizacións clásicas

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	4
1.4	Orientacións para a programación temporal	4
2.	Secuencia de contidos e actividades	6
2.1	As civilizacións clásicas: Grecia	6
2.1.1	As orixes de Grecia	7
2.1.2	A época clásica: Atenas e Esparta.....	11
2.1.3	A época helenística: o imperio de Alexandre Magno	15
2.1.4	A cultura grega: arte, ciencia, literatura e filosofía	18
2.2	As civilizacións clásicas: Roma	21
2.2.1	Monarquía e república.....	22
2.2.2	O Imperio romano	25
2.2.3	A cultura romana	29
2.3	A entrada da Península Ibérica na Idade Antiga	32
2.3.1	Os pobos prerromanos.....	32
2.3.2	As colonizacións e a conquista romana	34
2.3.3	Hispania romana e Gallaecia	34
3.	Resumo de contidos	37
4.	Actividades complementarias	46
5.	Exercicios de autoavaliación	48
6.	Solucionario.....	51
6.1	Solucións das actividades propostas	51
6.2	Solucións das actividades complementarias.....	58
6.3	Solucións dos exercicios de autoavaliación	60
7.	Glosario.....	63
8.	Bibliografía e recursos	66
9.	Anexo. Licenza de recursos	70

1. **Introdución**

1.1 **Descrición da unidade didáctica**

A seguinte unidade forma parte daquelas relacionadas, dentro do ámbito social, co campo da historia. Resulta necesario destacar que este campo do coñecemento non se limita a enumerar feitos do pasado, senón que procura establecer un diálogo vivo co presente que permita comprender mellor o mundo no cal vivimos. Así, a Historia analiza e explica os procesos que tiveron lugar no tempo e o modo no cal as sociedades humanas evolucionaron ata os nosos días. A este respecto, e ao longo da unidade, observaremos o desenvolvemento das civilizacións clásicas e a situación da Península Ibérica na antigüidade. O coñecemento deste pasado permite acudir ás raíces de Europa, España e Galicia; tamén facilita a comprensión da nosa identidade e do noso presente.

Os principais eixes en torno aos cales se organizan os contidos desta unidades son os seguintes: o modo no que podemos coñecer o pasado a través de restos documentais e arqueolóxicos, a importancia do progreso científico e técnico no avance da humanidade e a identificación de problemas e necesidades comúns a todas as épocas e sociedades históricas. É obxectivo tamén desta unidade outorgarlle ao alumnado todas aquelas ferramentas que lle permitan investigar e descubrir o pasado a través dos seus propios medios. Para isto faremos uso da curiosidade, da identificación de fontes históricas e interpretación dos datos contidos nelas, así como do desenvolvemento do seu criterio persoal.

1.2 **Coñecementos previos**

Se ben non é necesario que o alumnado conte con coñecementos exhaustivos en torno aos contidos expostos na unidade, si que se recomenda a realización dunha avaliación inicial na cal o docente poida detectar cal é o coñecemento que o seu alumnado posúe acerca do pasado remoto e as súas etapas, das descubertas que se producen no longo período estudado e dos modos de organización dos primeiros agrupamentos de seres humanos.

Os coñecementos prácticos, en proceso de adquisición ou reforzo ao longo do módulo e relacionados co campo da historia, poden resultar así mesmo de especial utilidade para o alumnado. Por exemplo:

- Lectura e comentario de textos que posúan información de carácter histórico.

- Análise e interpretación de fontes tales como mapas, gráficas ou estatísticas.
- Procura de información relevante en medios de fácil acceso, como prensa e Internet.

1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

Dado que os contidos tratados ao longo da unidade gardan unha estreita relación co pasado remoto e a arqueoloxía, recoméndase que o profesorado procure vincular a información aquí contida coas pegadas que este pasado deixa aínda na actualidade e cos xacementos arqueolóxicos e restos recollidos nos museos das inmediacións. Recoméndase a vinculación dos contidos cunha interacción co alumnado a través de actividades de investigación e descubrimento do pasado, de forma individual e colectiva, na medida do posible.

Igualmente, recoméndase sempre que sexa posible a vinculación dos contidos con materiais de ampliación, tales como poden ser películas, documentais, recursos en liña, novela ou banda deseñada, procurando establecer un vínculo cos intereses do alumnado. A finalidade última debe ser o estímulo da curiosidade a través das propostas, e non a sobrecarga de materiais de estudo.

É recomendable que o profesorado guíe o alumnado en relación á construción dunha rutina de estudo que lle permita enfrontarse á materia en función da cantidade de tempo que teña á súa disposición. Igualmente, é necesario detectar aqueles casos nos que sexa necesario achegar materiais adicionais que permitan adquirir destrezas relacionadas co estudo, tales como a construción de esquemas e resumos, elaboración de glosarios ou técnicas de subliñado. A unidade procura solucionar algunhas das dificultades que poidan derivar destes aspectos, para iso destacamos ideas clave, achegamos ferramentas de autoavaliación, un resumo de contidos e un glosario de termos.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Os materiais aquí contidos están dirixidos tanto ao ensino en modalidade presencial como en modalidade semipresencial. Se ben as estratexias que debemos empregar por parte do profesorado nas dúas vertentes entrañan metodoloxías distintas, en ambos os casos o enfoque da unidade está deseñado para catro semanas, dado que o temario correspondente ao segundo bimestre de 1º da ESA no ámbito da Sociedade se corresponde tanto con esta unidade como a anterior: “A Prehistoria e as primeiras civilizacións urbanas”.

Para esta finalidade, os contidos da unidade que nos ocupa están organizados en torno ao desenvolvemento de tres apartados principais. Recomendamos que se trate cada un deles no espazo dunha semana, e dedicar unha cuarta semana, coas súas sesións correspondentes, ao repaso do exposto ao longo da unidade, resolución de actividades e preparación de posibles probas. Así pois, o esquema recomendado para a programación temporal é o seguinte:

- *Primeira semana*: desenvolvemento da sección 2.1: “As civilizacións clásicas: Grecia”.
- *Segunda semana*: tratamento da sección 2.2: “As civilizacións clásicas: Roma”.
- *Terceira semana*: explicación da sección 2.3: “A entrada da Península Ibérica na Idade Antiga”.
- *Cuarta Semana*: resolución de actividades, repaso xeral, preparación de probas. A este respecto, proponse:
 - Facer resumos dos contidos, de tal modo que o alumnado os saiba empregar como unha ferramenta de repaso pero non como substitución da unidade.
 - Realizar as actividades de autoavaliación, para detectar os erros máis frecuentes e deseñar estratexias para lles facer fronte.
 - Recorrer ao glosario de termos para comprender axeitadamente aqueles que poidan supor algunha complexidade, evitaremos así a memorización carente de comprensión.

2. Secuencia de contidos e actividades

2.1 As civilizacións clásicas: Grecia

Ao describir a unha civilización como “clásica” poñemos de relevo a enorme influencia que esa civilización tivo e continúa a ter noutras civilizacións posteriores. Podemos considerar que Grecia e Roma son o berce da nosa cultural actual, pola enorme influencia que estas civilizacións tiveron e continúan a ter de forma particular en Europa e noutros lugares do mundo.

Podemos apreciar a pegada grega en aspectos do pensamento occidental tales como a visión da beleza e máis da arte, o valor das virtudes deportivas, o interese pola liberdade individual e o seu traslado ao mundo político en forma de democracia, a consideración do coñecemento e máis da ciencia como elementos fundamentais dunha sociedade etc.

Así, ao longo dos seguintes apartados veremos non só a evolución histórica da civilización grega e o funcionamento da súa sociedade e política, senon tamén e con especial atención as súas achegas nos campos do coñecemento e da cultura. O obxectivo non é outro que poder comprender Grecia como un espello afastado no tempo, que nos permita, en última instancia, entender mellor a nosa época, a nosa sociedade e a nosa identidade.

Límites xeográficos e temporais da civilización grega

Os antigos gregos viviron nun **espazo** moito máis amplo que o que forma a Grecia actual. Abarcaban tamén Chipre, numerosas illas do Exeo e do Xónico e parte do territorio da actual Turquía. Tamén se espallaron polo territorio do Mar Negro e fundaron cidades no espazo do Mediterráneo en lugares como a Península Ibérica, Francia, o sur de Italia ou o norte de África.

En canto á **cronoloxía** podemos distinguir as seguintes épocas:

- **Época micénica**, que comeza cara ao ano 1600 a. C.
- **Idade Escura**, que comeza ao redor do 1150 a. C.
- **Época arcaica**, comeza aproximadamente no 800 a. C.
- **Época clásica**, comeza cara ao 500 a. C.
- **Época helenística**, que ten lugar dende o 350 a. C. ata a conquista por parte de Roma no 146 a. C.



Mapa da civilización grega, no que destacan as cidades máis importantes das épocas arcaica e clásica.


Aínda que ao longo da unidade nos centraremos na época clásica, por ser o momento no cal a civilización grega brilla de forma especial, veremos a continuación como apareceu e se desenvolveu esta cultura.

2.1.1 As orixes de Grecia

A sociedade micénica

A época micénica oscila entre a historia e o mito: os gregos clásicos situaron aquí boa parte da súa **mitoloxía**: a guerra de Troia, as viaxes dos argonautas, o ciclo de Edipo e os traballos de Hércules transcorren nesta etapa.

Para a Historia e a Arqueoloxía esta é unha época de grandes palacios e riquezas, controladas por unha sociedade guerreira con contactos polo Mediterráneo. Aparecen, por vez primeira, **documentos escritos** en grego.



A porta dos leóns. Micenas.

En canto a trazos xerais desta época:

- A **autoridade** posuía a unha elite guerreira que controlaba fortalezas ciclópeas, coroadas con grandes palacios.
- A **sociedade** micénica estaba xerarquizada. Por debaixo da elite guerreira había altos funcionarios, escribas, e por debaixo destes había artesáns e produtores.
- Micenas coñecía múltiples **rutais comerciais** no Mediterráneo, isto facilitaba o intercambio de produtos e o seu crecemento. A relación coa Península Ibérica debeu ser feble e puntual, polos escasos restos de cerámica de Micenas atopados no territorio.
- Os micénicos coñecían un **sistema de escritura** (lineal b). Como no caso de Mesopotamia, escribían sobre arxila, coa diferenza de que non cocían as táboas para preservalas. En canto á súa arte, conservamos decoración en forma de pinturas no interior dos pazos e pezas de xoiaría.

A desaparición da sociedade micénica atribúese de forma tradicional a unha invasión violenta por parte doutro pobo: os **dorios**. Esta caída coincide cunha época especialmente violenta na que aparece a metalurxia do ferro e na que se producen as invasións dos chamados **pobos do mar**, que en Próximo Oriente chegan a darlle serios problemas a potencias do talle de Exipto.

A Idade Escura

Nesta etapa, que dura uns 400 anos, prodúcese un **retroceso** en liñas xerais fronte á etapa anterior. É unha época da que non se conservan testemuñas escritas e o que coñecemos parte, fundamentalmente, do traballo da arqueoloxía: ese é o motivo polo



Centauro de Lefkandi, feito en arxila.

cal esta época recibe tamén o nome de **Idade Xeométrica**, debido á decoración das pezas de cerámica. Outros trazos que debemos destacar son os seguintes:

- Os pazos non perduraron, a vida pasou a organizarse en torno a pequenas aldeas e cunha **economía de subsistencia**.
- O comercio, salvo en casos illados (Lefkandi, en Eubea), non mantivo o alcance ou a importancia da época micénica.
- Houbo bastantes movementos migratorios, pois buscaban asentarse con mellor fortuna algunhas

poboacións (**dorios, eolios e xonios**) en lugares como Anatolia.

A época arcaica

Co paso do tempo irase producindo una lenta recuperación, ata que a comezos do século VIII a. C. poidamos observar un rexurdir do comercio e a reintrodución do alfabeto. É tamén a época na que se celebran os primeiros **Xogos Olímpicos**, que as fontes da época sitúan no 776 a. C.

Os trazos que destacaremos desta etapa son os seguintes:

- Apareceron as **poleis**, as cidades estado gregas. Nestas existe un centro urbano dividido en **ágora** (lugar común de reunión e mercado) e **acrópole** (lugar elevado que albergaba os templos e riquezas da cidade). Cada cidade estado contaba tamén coa súa **chora**, o territorio que lle proporcionaba os recursos económicos á cidade (granxas, lugares de pasto para o gando, bosques, canteiras, minas etc.). É durante esta etapa que comezan a cobrar peso dúas *poleis* que terán unha gran importancia en época clásica: **Atenas e Esparta**.
- O poder político irá sufrindo cambios, primeiro pasa de estar nas mans dun monarca ás dunha **oligarquía** formada polos cidadáns ricos e poderosos. Aparecerán despois os **tiranos**, que buscaban o apoio do pobo para derrubar os oligarcas; e os **lexisladores**, que recibían un mandato de varios anos para intentar solucionar mediante leis os conflitos entre as elites e o resto da sociedade.
- Comeza de novo un intenso comercio marítimo, reforzado con novas embarcacións (os **trirremes**). Aparece tamén un novo exército para a defensa das *poleis* no que, como **hoplitas**, entran os cidadáns a formar parte.
- O aumento da poboación conduce a migracións en forma de **colonizacións**. Estas expedicións buscaban crear novas cidades, cun contacto previo coa poboación indíxena que facilitase a integración de forma pacífica. Estas colonizacións leváronse a cabo en boa parte do Mediterráneo, teñen como exemplos na Península Ibérica as cidades de **Emporion** (actual Empúries) e **Rodas** (actual Roses).
- Aparecen lugares (santuarios) e celebracións que facilitan o sentimento de pertenza ao mesmo pobo: o **helenismo**. Aínda que vivisen en polis independentes, os gregos compartían lingua, crenzas e tradicións.



Reconstrución de trirremes gregos

- Os santuarios, como o de **Delfos**, funcionaban como centros de culto e tamén como lugares nos que mediar entre cidades e facilitar acordos políticos e pactos.
- As celebracións, como os **Xogos Olímpicos**, supoñían actos de culto relixioso en común, espazos de encontro, formas de celebrar cuestións consideradas básicas na educación da xuventude (o deporte) e proporcionaban tamén un espazo de competición entre as distintas cidades estado.

Actividades propostas

S1. Tome as datas que aparecen ao principio do tema e elabore unha liña temporal na que figuren as distintas épocas en que se divide a historia da antiga Grecia.


S2. Defina os seguintes termos. Lembre que existe un glosario ao final do tema.

▪ Lineal b	
▪ Polis	
▪ Trirreme	
▪ Hoplita	
▪ Oligarquía	
▪ Xogos olímpicos	

S3. En relación ao mapa, conteste as cuestións expostas. Pode ver o mapa cunha maior resolución na seguinte ligazón:

[https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/a/a9/Griechischen_und_phönizischen_Kolonien.jpg/1280px-](https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/a/a9/Griechischen_und_phönizischen_Kolonien.jpg/1280px-Griechischen_und_phönizischen_Kolonien.jpg)

[Griechischen_und_phönizischen_Kolonien.jpg](https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/a/a9/Griechischen_und_phönizischen_Kolonien.jpg/1280px-Griechischen_und_phönizischen_Kolonien.jpg)



▪ Que foi a colonización grega?	
▪ En que etapa comezou?	
▪ A que área xeográfica afectou?	
▪ Existiron colonias gregas na Península Ibérica?	

2.1.2 A época clásica: Atenas e Esparta

Durante o século V a. C. e a primeira metade do século IV a. C. tivo lugar a época clásica, un momento no que cobraron especial peso as *poleis* de **Atenas** e **Esparta**, no que se produciron grandes avances nos campos do coñecemento e das artes, pero que tamén foi un espazo de tempo sacudido pola inestabilidade e a guerra.

Atenas

Atenas ocupaba a Península Ática, de extensión considerable. Os trazos principais do funcionamento da súa sociedade serían os seguintes:


- Tiña baixo o seu control **importantes recursos**: os mármorees do Pentélico e as minas de prata de Laurión. Especializou a súa agricultura para favorecer o comercio, en especial o marítimo, e fixo deste un punto central da súa economía.
- Desde o século VII a. C. comezan a darse cambios políticos de importancia, con lexisladores tales como **Solón**, pero será **Clístenes** a figura que, a finais do século VI a. C. leve a cabo grandes cambios radicais no funcionamento da polis. Así instaurou a **democracia** ateniense:
 - Todos os cidadáns (varóns) podían intervir na política, e eran considerados iguais ante a lei.
 - O principal órgano de toma de decisións era a **ecclesia** ou asemblea, composta por todos os cidadáns varóns maiores de 18 anos. A *ecclesia* votaba as leis, escollía os seus gobernantes (**arcontes**) e decidía en asuntos de guerra e paz.
 - A **boulé**, formada por cincocentos cidadáns escollidos por sorteo, preparaba os asuntos sobre os que logo decidía a asemblea.
 - Os **tribunais de xustiza** eran escollidos por sorteo entre os cidadáns cada ano. Existían distintos tribunais especializados en materias concretas.
- Máis tarde, **Pericles** afondou nestas reformas e fixo que os postos de responsabilidade estivesen retribuídos, así isto facilitou que, por unha banda, as



"Reconstrucción da acrópole e do areópago atenienses" do pintor Leo von Kleeze. 1846.

clases máis humildes dentro da cidadanía puideran ter responsabilidades políticas. Por outra banda, fixo que obter a cidadanía resultase máis restrictivo, pois só se consideraba cidadán a quen tiña pai e nai atenienses.

- Malia as reformas políticas, a sociedade ateniense resultaba moi restrictiva, xa que beneficiaba soamente aos cidadáns varóns, unhas 40.000 persoas dunha poboación superior a 250.000 habitantes. Así, a sociedade dividíase en:



- **Cidadáns**, libres e con dereitos. A posición da muller era de exclusión da vida pública, non podía intervir nos organismos nin votar, e quedaba relegada aos asuntos domésticos.
- **Metecos**, homes libres e as súas familias (uns 70.000 individuos). Eran principalmente artesáns, comerciantes, industriais ou banqueiros. Non podían intervir na política nin posuír terras.
- **Escravos**, o grupo máis numeroso (uns 125.000) e que contaba con situacións moi diversas. A situación máis extrema polas súas condicións de traballo era a dos enviados ás minas.

Esparta

Esparta situábase na península do Peloponeso, onde se converteu nunha das principais *poleis* gregas. Inmobilista a nivel social e político, os seus principais trazos eran:

- Unha **economía** agraria baseada nun sistema escravista, no que novas terras e escravos eran adquiridos de forma violenta a través da guerra.
- En **política**, Esparta era moi diferente a outras polis. A base do seu sistema era unha constitución ou **rethra** atribuída ao lexislador **Licurgo**, do século IX a. C. A organización política era a seguinte.
 - Había unha **monarquía dual** (dous reis), na que o poder dos reis estaba vixiado e controlado por cinco maxistrados (**éforos**) que se encargaban de que os reis cumprisen coas leis.
 - A **xerusia** ou consello de anciáns, estaba formado por maiores de 60 anos, e encargábanse de preparar os asuntos que discutiría logo a asemblea.

- A **apella** ou asemblea non tiña un poder de decisión como en Atenas, senón que era un órgano de consulta onde os dirixentes procuraban ver se as súas políticas contaban co apoio dos cidadáns.
- Na **sociedade**, a organización era a seguinte:
 - Na cúspide estaban os **cidadáns** ou **espartiatas**. Os homes tiñan a obriga de dedicarse á guerra, e a súa educación quedaba nas mans da cidade dende os 7 anos. As mulleres tiñan máis liberdade que noutras cidades gregas, aínda que continuaban a estar excluídas da vida política.
 - Os individuos libres que non eran cidadáns chamábanse **periecos**. Dedicábanse ao comercio e á artesanía, e aínda que non podían participar na vida política, si podían formar parte do exército da cidade e obter lotes de terras.
 - O último grupo e tamén máis numeroso, é o dos **ilotas**, que vivía nunha situación de servidume. Impúñanlles duros traballos e eran tratados de forma brutal, mesmo había cazarías anuais (**criptias**) organizadas polos cidadáns para quebrar a moral dos seus escravos e buscar que non se rebelasen. Aínda así, existiron múltiples rebelións por parte dos *ilotas*, buscando escapar da súa situación de servidume.

Un período de guerras

Durante a época clásica, Grecia viviu varios conflitos de importancia:

- As **Guerras Médicas**. Conflito contra o imperio persa, que se atopaba en fase de expansión sobre os territorios gregos. No 499 a. C. as polis sometidas ao imperio persa rebeláronse e buscaron o apoio doutras cidades estado. Atenas e Esparta tiveron un papel fundamental nesta guerra e, aínda que perderon batallas de importancia (Atenas viuse saqueada, o rei espartano Leónidas morreu xunto coa súa garda de corps nas Termópilas), as polis gregas conseguiron impoñerse e obter vitorias definitivas contra os persas nas batallas de **Salamina** e **Platea**.
- A derrota de Persia outorgoulle un gran poder e recursos económicos a Atenas, o que a levou ao seu momento de apoxeo baixo a dirección de **Pericles**. Para manter os seus intereses a salvo, Atenas convenceu a varias polis para unírense na **Liga de Delos**, da que obtiña recursos para financiar unha grande armada de guerra. Esta armada, argumentaba Atenas, era para protexerse de ataques persas. Na práctica, permitíalle ter baixo a súa influencia a un gran territorio.



- O éxito ateniense levou a conflitos con outras *poleis*, que vían ameazados os seus propios intereses. **Esparta** liderou as *poleis* que estaban en malas relacións con Atenas, co cal aumentou a tensión e comezou unha nova guerra: a do **Peloponeso**, que estalou no 471 a. C. A vitoria foi neste caso para Esparta, que no 404 a. C. conseguiu derrotar os atenienses.
- As condicións impostas por Esparta resultaron non obstante tan opresivas que levaron, xa no ano seguinte á súa vitoria, a que Atenas e outras *poleis* se sublevaran.
- Na práctica, estas loitas acabaron por debilitar tanto a Atenas como a Esparta e facilitaron que un novo poder aparecera para facerse co control dos seus territorios: a **Macedonia** de Filipo II e Alexandre Magno.

Actividades propostas

- S4. Compare a sociedade de Atenas e de Esparta. Indique as súas semellanzas e diferenzas.

S5. Defina os seguintes termos. Lembre que existe un glosario ao final da unidade.

▪ Ecclesia	
▪ Metecos	
▪ Xerusia	
▪ Liga de Delos	
▪ Criptias	
▪ Rethra	

2.1.3 A época helenística: o imperio de Alexandre Magno

Macedonia era considerado un territorio bárbaro polos gregos. Aínda que a súa lingua era afín ao grego, estaban lonxe do mundo urbano da polis, contaban cunha economía e comercio por desenvolver e o seu sistema político era a **monarquía**, cun forte papel da **aristocracia**. Xeograficamente, estaba nos confíns do norte da Grecia continental, máis aló do que os gregos consideraban territorio heleno.

Macedonia, porén, si estaba interesada na cultura e avances os gregos. Ao mesmo tempo, os seus monarcas desexaban ampliar as súas fronteiras.


Filipo II

Este monarca de Macedonia reforzou o peso da súa monarquía e impulsou a **helenización** do seu reino: obrigou as novas xeracións de aristócratas a formarse na corte da súa capital, **Pella**, e asignoulle ao filósofo **Aristóteles** a educación do seu fillo **Alexandre**.

Filipo II creou tamén un exército moderno, co que se declarou “protector” ou *hegemon* dos lugares panhelénicos e conseguiu, na práctica, controlar o territorio de Grecia. A ambición de Filippo ía moito máis lonxe, xa que quería atacar o imperio persa, pero antes de conseguilo morreu asasinado. O seu sucesor foi **Alexandre**.

Alexandre Magno

Alexandre chegou ao poder no 336 a. C. con só 20 anos, aínda así conseguiu consolidar o seu poder reprimindo sublevacións: tanto as das cidades gregas como as da súa propia nobreza. O seu obxectivo foi, dende moi pronto, continuar as políticas do seu pai e atacar o imperio persa.



O imperio macedónico de Alexandre Magno.

Para isto, reuniu un poderoso exército e fíxose acompañar tamén de expertos en distintos campos, tales como xeógrafos, astrónomos e botánicos. En canto á súa campaña militar, esta comezou no 334 a. C.:

- En pouco tempo fíxose co control de Asia Menor e de Exipto, onde fundou **Alexandría**.
- Chegou despois ao centro do imperio persa, en Mesopotamia. Alí, derrotou o rei persa **Darío**, tomou **Babilonia** e destruíu a capital do imperio persa: **Persépolis**.
- Nos anos sucesivos seguiu expandíndose cara ao leste, e entrou en **Asia Central**, nos actuais **Afganistán** e **Paquistán**, e chegou ata o **val do Indo**.
- O seu exército, esgotado, esixiulle a fin das campañas de expansión e o regreso das tropas. A retirada, mal organizada, ocasionou un gran número de baixas ao atravesar territorios como o deserto de **Xedrosia**.

Ao pouco tempo de regresar, Alexandre morreu en circunstancias pouco claras. Entre as posibles estarían as relacionadas cos excesos do alcohol, a enfermidade ou a conspiración na súa contra e o asasinato. Fose cal fose a causa, no momento da súa morte era monarca de Macedonia, hegemón de Grecia, faraón de Exipto e señor de Persia. Tiña 33 anos.

Os reinos helenísticos


Ao morrer Alexandre sen un sucesor claro, conduciu ao enfrontamento entre os seus xenerais. As loitas internas levaron a un reparto violento de territorio e consolidáronse no 280 a. C. tres grandes reinos en mans de distintas dinastías: **Macedonia, Asia e Exipto**. Este último foi o máis destacado e **Alexandría**, a súa capital, converteríase nunha das máis importantes cidades do mundo antigo, tanto dende o punto de vista económico como, especialmente, o cultural.

Esta época caracterízase por:

- A expansión dunha **lingua común** de base grega nos territorios conquistados.
- A creación de amplos e novos mercados, xa que os territorios conquistados por Alexandre incluían os países máis ricos da súa época.
- O desenvolvemento dunha gran diferenza de clases, cunha minoría enriquecida e poderosa e cun amplo grupo en condicións precarias. Como saída a esta situación, moitos varóns de clase baixa entrarán nos exércitos dos novos monarcas.
- Os novos monarcas competirán entre eles en cuestións de prestixio, para isto facían un forte investimento na arte e no desenvolvemento das súas **ciudades**, que se verán así convertidas en centros de expansión da cultura e do progreso científico.


Actividades propostas

- S6. Confeccione un mapa do imperio de Alexandre Magno a través do mapa mudo da imaxe (ou da ligazón **a**). Pode empregar a imaxe da páxina anterior ou a ligazón **b** para guiarse.



Ligazón a: http://d-maps.com/carte.php?num_car=1970&lang=es

Ligazón b: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/3/39/Imperio_de_Alejandro_Magno_con_ruta.svg/1243pxImperio_de_Alejandro_Magno_con_ruta.svg.png



2.1.4 A cultura grega: arte, ciencia, literatura e filosofía

A cultura grega, de fortes influencias ata chegar aos nosos días, fixo achegas de importancia en múltiples e moi diversos campos, entre os que cabe incluír o que nos ocupa: a **historia**. É en Grecia onde aparece a preocupación por recoller os feitos do pasado e considerouse a **Heródoto** o pai deste campo do coñecemento.

Mitoloxía e crenzas

A mitoloxía grega será determinante no seu modo de producir arte ou literatura. Os antigos gregos eran **politeístas**, crían en varios deuses aos que consideraban de aspecto humano, inmortais e moi poderosos. A cabeza do panteón dos deuses estaba **Zeus**, que gobernaba sobre os demais desde o **monte Olimpo**.

Os gregos crían que os deuses eran capaces de ter sentimentos humanos (amor, celos, envexas...) e que podían intervir no mundo dos mortais. De feito, podían chegar a ter fillos cunha parella humana, e a descendencia eran os **heroes** e as **heroínas**. **Hércules, Atalanta, Penthesilea** ou **Aquiles** serían exemplos destas unións.

Crían tamén na existencia de monstros e criaturas fantásticas, tales como **Pegaso, as gorgonas, os ciclopes, as sereas etc.**

Os relatos dos deuses, heroes e criaturas mitolóxicas estaban recollidos en **mitos**, historias fabulosas que posuían tamén fins didácticos e de explicación do pasado.

Arte

No terreo das artes, Grecia destacou especialmente en arquitectura e escultura:

- En **arquitectura** atopamos edificios civís e relixiosos:
 - Nos relixiosos, destacan os **templos**, concibidos como lugar de residencia dos deuses. Eran construídos á medida do ser humano e contaban cunha gran preocupación pola decoración e polos materiais empregados neles, entre os que destacaba o mármore.
 - Na arquitectura civil destaca a aparición de edificios como o **teatro** (que era empregado para a arte dramática e para a política e a oratoria), os **estadios** e **ximnacios**, e galerías cubertas por pórticos nas que se intercambiaban ideas: as **stoas**.
- En **escultura** existe unha gran preocupación polo ideal de beleza, por iso os escultores lle dedicaban un gran traballo ao estudo anatómico e a representar harmoniosamente as proporcións humanas mediante unha serie de regras: o **canon**. Entre os materiais empregados destacan o bronce e o mármore.
- En **pintura** só nos chegaron decoracións feitas sobre cerámica, que narran episodios mitolóxicos e feitos da vida cotiá, como o desempeño de oficios.

Literatura

Os gregos desenvolveron a poesía e o teatro:

- Na **poesía épica** destacou a obra atribuída a **Homero** (**Ilíada** e **Odisea**), directamente vencellada coa mitoloxía.
- No campo do teatro, Grecia desenvolveu:
 - A **traxedia**, que amosaba os momentos máis duros da vida dunha figura heroica.
 - A **comedia**, que criticaba mediante o humor a sociedade da época.

Ciencia e filosofía

Os gregos quixeron darlle explicacións racionais aos fenómenos naturais, prescindindo de explicacións vencelladas á relixión ou á superstición. Desta idea naceu primeiro a **filosofía** (do grego, amor pola sabedoría) e despois a ciencia.

- En **filosofía**, campo do coñecemento que realiza preguntas acerca da existencia, a beleza, a moral ou coñecemento, destacaron pensadores tales como **Sócrates**, **Platón** e **Aristóteles**.

- No terreo da **ciencia**, o desenvolvemento é importante en varios campos:
 - En matemáticas destacan **Pitágoras**, polas súas achegas en xeometría e aritmética, e **Euclides**.
 - En física destaca **Arquímedes**, por descubrir o principio de flotación dos corpos e por desenvolver máquinas con aplicacións prácticas.
 - En medicina brilla especialmente Hipócrates, considerado pai da medicina como tal.



Actividades propostas

- S7. En relación ao apartado anterior, realice un breve informe (entre 200 e 300 palabras) no que afonde nalgunha das achegas realizadas por Grecia ao campo da cultura e do coñecemento ou nalgún dos individuos destacados no apartado. Para isto, pode buscar a información necesaria na biblioteca do centro ou na rede.

2.2 As civilizacións clásicas: Roma

Roma, ao igual que Grecia, deixou un gran legado que segue vivo entre nós: as linguas que falamos atopan a súa orixe no latín (linguas romances). A súa pegada pode observarse tamén no seu modelo de administración, de cidadanía, de interese polo urbanismo e a pola obra pública; ao igual que na base das actuais leis, que beben do dereito romano.

Límites xeográficos e temporais da civilización romana



Máxima expansión do imperio romano, na época do emperador Traxano. Ano 117 d.C. En verde claro, os territorios en disputa.

A historia de Roma abrangue unha gran cantidade de Roma, e supón unha expansión continua, desde a súa fundación como cidade ata atopar os seus límites na época imperial. Distinguimos tres fases fundamentais na historia romana:

- **Monarquía.** A tradición sitúa a fundación de Roma no 753 a. C. É unha época da que temos poucos rexistros, e na que resulta fundamental a información que achega a arqueoloxía.
- **República.** Comeza no 509 a. C. É a época en que Roma se apodera da Península Itálica e comeza a espallarse polo Mediterráneo.
- **Imperio.** Comeza no 31 a. C. e supón a época de maior extensión de Roma, pero a partir do século III d.C. comeza o seu declive. No 476 d. C. Roma cae en mans dos bárbaros.

2.2.1 Monarquía e república

As orixes de Roma: a Monarquía.

A orixe de Roma bebe na tradición da mitoloxía, ao enlazar co mito de **Rómulo e Remo**. Nos seus inicios era unha pequena aldea de pastores ás beiras do Río Tíber, pero pouco a pouco foise convertendo nunha auténtica cidade, con prazas, mercados, templos e edificios públicos. O seus trazos principais serían os seguintes:

- A **economía** baseábase na agricultura, polo tanto, a posesión da terra era clave: nun primeiro momento estaba monopolizada polas clases altas (os **patricios**). A tríade mediterránea (**trigo, vide, oliveira**) era a principal produción desta agricultura. Roma tiña tamén bos terreos para a **actividade gandeira** e levaba a cabo actividades de **comercio** cos territorios das inmediacións.
- No eido da **política**, gobernaba un rei (**rex**) que tiña poder absoluto: era a cabeza dos tribunais, do exército e do culto relixioso, pero non era un cargo hereditario. Outras institucións fundamentais eran:
 - O **Senado**. Formado por 300 patricios anciáns, que daban consello ao rei e propuñan novo monarca á morte deste.
 - A **Asemblea popular**. Integrada por cidadáns libres en idade militar. Aprobaban as leis propostas polo rei e o nomeamento de novos reis propostos polo Senado.
- No ámbito **social**, a familia era a base da organización. O pai (**pater familias**) tiña a máxima autoridade no fogar e posuía o dereito a dispoñer da vida da súa esposa e fillos. As mulleres estaban relegadas a un papel doméstico, só podían ir a actos públicos acompañadas dos seus esposos. En canto a **clases sociais**, a Roma da monarquía dividíase en:
 - **Patricios**. Clase aristocrática con plenos dereitos, que se consideraba descendente dos fundadores de Roma. Tiñan poder económico (posuían as terras) e político (controlaban o Senado).
 - **Plebeos**. A clase social máis numerosa e variada, integrados por habitantes de



Escultura da Luperca ou Loba capitolina.
Baixo ela, Rómulo e Remo.

territorios dominados por Roma, estranxeiros, antigos escravos (**libertos**) etc.

- **Escravos.** Clase formada por prisioneiros de guerras, individuos arruinados vendidos nos mercados de escravos ou individuos condenados á escravitude por un tribunal. Traballaban na agricultura, minas, actividades de construción e no servizo doméstico.
- É tamén nesta época na que comeza a configurarse o **exército** romano, base do seu futuro poder, coa **lexión**. Na época da monarquía, organizábase por clases sociais ou centurias. Cada soldado debía adquirir o seu equipo, por iso os postos como os da cabalaría quedaban nas mans dos cidadáns máis ricos.

A República

Esta é unha longa etapa na cal Roma conseguirá converterse na principal potencia do mundo antigo, tras derrotar a potencias como **Cartago**. É tamén unha etapa na que se dan graves conflitos dentro do territorio romano polas desigualdades sociais e tamén pola ambición de dirixentes políticos tales como **Xulio César**, que no seu combate polo poder acabarán por desgastar a república e facilitarán a chegada dun novo sistema: o **imperio**. Entre os trazos destacados da época atopamos:

- No eido **económico**, as conquistas de novos territorios sumaron grandes recursos ás arcas de Roma, pero isto aumentou as diferenzas entre ricos e pobres ao acumular os primeiros grandes riquezas e ao ver os segundos como o prezo da man de obra caía en picado polo aumento do número de escravos obtidos das guerras. Isto fixo que xurdiran sublevacións e insurreccións entre as clases populares; e esta situación provocou a aparición dun sector político afín ás clases populares (liderado polos **irmáns Graco**) e a crear unha lei de reparto da terra máis equitativa, ao reparto de trigo entre as clases populares e á concesión da cidadanía aos habitantes de toda a Península Itálica.



Cicerón acusa Catilina. Cesare Maccari, 1889.

- No ámbito **político**, os monarcas foron substituídos por **cónsules**, parella de gobernantes que na teoría se vixiaban o un ao outro para evitar a corrupción, e que debían render contas ante o **Senado** ao final do seu mandato (que duraba un ano). Xunto a estes cónsules existían:
 - Outros **maxistrados**, como os **edís**, encargados da organización municipal; os **prettores**, que administraban xustiza; os **cuestores**, encargados do cuestións económicas; os **censores**, encargados de censar a poboación e contar os seus bens.
 - O **Senado**. Mantiña funcións semellantes ás da monarquía e estaba encargado tamén da administración dos territorios conquistados por Roma.
 - Os **comicios**, ou asembleas, que contaban con amplos poderes: escollían os maxistrados, aprobaban leis, decidían en cuestións de guerra e paz etc. Elixían tamén os **tribunos da plebe**, encargados de defender os dereitos das clases populares ante o Senado e a aristocracia. Debemos ter en conta que os cargos políticos non estaban retribuídos, o que levaba a que as clases populares non puidesen acceder a eles.
- Na sociedade da época estaban na cúspide os ricos **patricios**, e xunto a estes apareceu outra clase acomodada economicamente: os **équites** ou cabaleiros, dedicados a actividades económicas na banca, no comercio ou como armadores. Por unha banda, a **plebe** viu como a súa situación se volvía cada vez máis complicada, o que levou ás sublevacións que mencionamos anteriormente. Por outra banda, o número de **escravos** aumentou considerablemente.
- Durante esta etapa, Roma levou a cabo múltiples guerras para ampliar o seu territorio e converterse nunha potencia. Entre estes conflitos destacan:
 - A conquista da Península Itálica, na cal o maior choque foi contra o rei **Pirro**, que no século III a. C. acudiu para defender os intereses das cidades gregas do sur de Italia, a **Magna Grecia**. Pese ao emprego de tácticas nunca vistas por Roma, como o emprego de elefantes no campo de batalla, Pirro perdeu moitas tropas e tivo que abandonar a Península Itálica.
 - As guerras contra **Cartago**, ou **guerras púnicas**, durante os séculos III e II a. C. Roma disputaba con esta potencia o control do Mediterráneo, e pese malia sufrir derrotas considerables (como as proporcionadas polo xeneral **Aníbal**), Roma conseguiu impoñerse e acabou por conquistar e destruír Cartago.
- Xunto a estes conflitos externos, Roma sufriu importantes enfrontamentos internos que desgastaron e acabaron por derrubar a república. Aquí destacan as múltiples guerras civís vividas pola república na súa última etapa, e dentro destas:

- O enfrontamento de **Xulio César** contra **Pompeio Magno** e os seus aliados, que levou á vitoria de César e a que este se declarase ditador. César sería non obstante asasinado no ano seguinte (44 a. C.).
- O enfrontamento entre os asasinados de César e os seus sucesores; e despois o conflito entre os propios sucesores de César. O vencedor deste choque foi o **Octavio Augusto**, que asumiu o papel de emperador no 27 a. C., co cal se dá por finalizado o período da república.

Actividades propostas

S8. Observe a organización política da Roma republicana e indique que tipos de maxistrados existían e cales eran as súas funcións. Considera que existen semellanzas entre eses cargos e algún dos existentes na actualidade? Explique cales se asemellarían.

▪ Cónsules	-
▪ ...	
▪	
▪	
▪	

S9. Indique como funcionaba a sociedade romana na Monarquía e na República.

2.2.2 O Imperio romano

A fase do imperio está caracterizada polo **poder absoluto** exercido desde as mans dos **emperadores**. Estes controlaban o goberno, a elaboración das leis, os tribunais, o exército e o culto relixioso. A influencia de Roma alcanzaba nesta etapa territorios en tres continentes: África, Europa e Asia.

- No **eido económico** viviuse unha época de estabilidade interna grazas á fin das guerras civís (**Pax romana**). O comercio intensificouse e Roma recibía produtos de todas as súas posesións, o



cal a levou a construír novos portos cerca da cidade. A **minaría** coñeceu un importante auxe polo continuo aumento do número de provincias conquistadas e de escravos. As clases baixas viron como o aumento do número de escravos continuou abaratando o prezo do traballo. Isto levou a que os emperadores e clases altas comezasen a proporcionar alimento e espectáculos gratuítos aos cidadáns para evitar rebelións (*panem et circensis*).

- No ámbito **político**, os emperadores manobraron para facerse con todo o poder. Mantiveron a existencia do **Senado** e das **assembleas**, pero privaron a estas institucións do peso que tiveran na república. Os emperadores procuraron manter satisfeitos os senadores leais dándolles o goberno de provincias conquistadas, aumentaron o peso político dos **équites** e concedéronlles postos de importancia. A administración aumentou considerablemente o seu número e peso.
- No eido **social**, os descendentes dos **patricios** viron como mantiñan o seu poder económico pero perdían poder político. Os **équites**, como xa vimos, aumentaron a súa importancia. As clases sociais baixas volvéronse máis dependentes do Estado romano, e o número de escravos continuou aumentando coas conquistas militares. Nos territorios conquistados intensificouse a **romanización**, a substitución da cultura e modos de vida locais polos romanos: a lingua (o latín), as leis (o dereito romano), o urbanismo, a relixión e arte romanas intensificaron a súa presenza máis aló da Península Itálica.

O cristianismo

Durante a época imperial apareceu na parte oriental do imperio, en **Palestina**, unha nova relixión practicada por persoas que dicían seguir a Xesús de Nazaret. Como a relixión xudía, da que derivaba, presentábanse como unha **relixión monoteísta** (adoraban un só deus).

Os principios básicos desta nova relixión foron dous: a igualdade de todas as persoas ante Deus e unha vida eterna despois da morte. Os seguidores de Xesús propagaron a nova relixión polo imperio, organizáronse en

comunidades chamadas *ecclesiae*, assembleas constituídas polos cristiáns dunha cidade ou territorio. Deste termo deriva a palabra “igreja”.

A mensaxe e a acción cristiá foi vista como un perigo por parte do poder romano, xa que abaneaba os fundamentos da sociedade escravista romana e negaba o culto debido ao emperador.




A persecución levada a cabo polas autoridades romanas foi implacable, o cal obrigou os cristiáns a practicar de xeito clandestino a súa relixión. Boa proba son os vestixios achados nas **catácumbas**, galerías soterradas baixo a cidade de Roma.

Co paso do tempo, e dado que non desaparecía, o imperio planeou absorber o cristianismo a axeitalo aos seus principios. Para isto foron fundamentais dous episodios:

- No ano 313 d. C., o emperador **Constantino** concedeu a liberdade de culto relixioso co **Edicto de Milán**, o que facilitou na práctica a difusión desta relixión.
- No 380 d. C. o emperador **Teodosio** converteuse ao cristianismo e pasou a ser a relixión oficial do imperio.

A crise do século III

No século III d. C. o Imperio viviu unha grave crise. A corrupción comezou a estar á orde do día entre os administradores romanos e as guerras civís fixeron a súa reaparición, e os xenerais competían por ocupar o posto de emperador. A fin da expansión do imperio trouxo consigo dificultades para manter as fronteiras, pois Roma sufriu os ataques dos **pobos xermanos**.



División do imperio romano. Ano 395 d.C.

Estas dificultades contribuíron a que o emperador **Teodosio** dividira o imperio en dúas partes no ano 395 d. C.:

- O Imperio Romano de Occidente, con capital en Roma.
- O Imperio Romano de Oriente, con capital en Constantinopla.

Isto non evitou que a crise seguira o seu curso, especialmente na parte occidental:

- Os problemas dos ataques dos pobos bárbaros debilitaron a autoridade dos emperadores, facilitaron a alternancia no poder por medios violentos e crearon unha situación de caos.
- A inseguridade conduciu a unha crise económica, xa que o imperio necesitaba recadar grandes cantidades de impostos para manter os seus exércitos e, ao mesmo tempo, os ingresos non deixaban de caer polas dificultades para manter as redes comerciais: as rutas eran cada vez máis inseguras.
- Coa perda do peso do comercio, as cidades perderon importancia e tanto as clases altas como as baixas comezaron a emigrar ás zonas rurais, onde as clases altas substituíron o poder imperial e convertéronse en caciques locais.
- Roma tivo que cederlles territorios aos pobos bárbaros para convertelos en aliados contra outros invasores, aínda que resultaron ser en moitas ocasións uns aliados moi pouco fiables.
- Finalmente, no 476 d.C. o último emperador romano, **Rómulo Augusto**, é deposto polo caudillo **Odoacro** o cal supuxo a fin ao Imperio Romano de Occidente. A parte oriental sobreviviría aínda ata o ano 1453 d. C.

Actividades propostas

S10. Confeccione unha liña temporal na que aparezan as principais etapas e feitos da historia de Roma.

S11. Explique os motivos polos cales os emperadores romanos perseguiron o cristianismo.

S12. Enumere e explique as causas que provocan a caída do Imperio Romano de Occidente.

2.2.3 A cultura romana

Roma posúe unha característica particular como civilización: o seu forte **pragmatismo**. Isto conduce a que Roma absorba elementos que considera útiles doutras culturas, especialmente de civilizacións avanzadas como Exipto ou Grecia, pero tamén do resto de territorios que conquista.

Ao mesmo tempo, Roma fixo grandes esforzos por assimilar as poboacións dos territorios conquistados espallando a súa propia cultura, co **latín** como lingua dominante; o **dereito romano** e o **urbanismo** como bases de organización da sociedade e do territorio, o seu modo de entender o lecer, con **espectáculos** tales como xogos de gladiadores e carreiras de cuadrigas etc. Este proceso é coñecido como **romanización**.

Relixión romana

Roma vai ser, por norma, tolerante cara ás relixións estranxeiras. De feito, asimila divindades gregas, exipcias ou asiáticas sen grandes problemas, identificándoas con outras ás que xa lles prestaban culto. Este culto organizábase en distintos niveis:

- O culto **doméstico**. Era levado a cabo polo cabeza de familia (**pater familias**), xa que os romanos crían na existencia de divindades protectoras do fogar e da familia.
- O culto **público**. Era oficiado polos cargos políticos e sacerdotes romanos, para honrar acontecementos de importancia tales como vitorias militares. Parte dos sacerdotes, que eran na práctica funcionarios romanos, dedicábanse a tarefas de adiviñación, como os **augures** ou os **arúspices**.



Fígado de bronce de Piacenza (Italia).
Os arúspices empregaban pezas como esta para guiarse nas súas predicións.

Na Roma imperial comezou a prestárselle **culto aos propios emperadores**, pois eran considerados figuras divinas. Tamén na época imperial cobra importancia o **cristianismo**. Ao principio, os partidarios desta relixión eran perseguidos pero aínda así acabou sendo a relixión oficial do imperio coa conversión do emperador Teodosio no ano 380 d. C.

A Arte

A arte romana vai estar vinculada ao carácter pragmático de Roma, menos preocupada pola busca da beleza (coma na grega) que pola representación da realidade e a produción de obras útiles.

- **Arquitectura.** Roma incorporou o uso do **arco** e da **bóveda**, elementos descoñecidos polos gregos. Isto permitiulles levantar grandes obras de enxeñaría e edificios de grandes dimensións. Así, xunto aos **templos**, construíron **calzadas e pontes**, básicas para a actividade comercial; acuedutos para a condución da auga; **basílicas**, que eran lugares para actividades comerciais e para a administración da xustiza; **termas**, baños públicos; **circos, teatros e anfiteatros**, para representar espectáculos; **arcos e columnas**, para conmemorar os triunfos militares.
- **Escultura.** O interese principal da escultura romana foi o **retrato**, no cal representan con fidelidade o individuo, sen omitir trazos propios da idade ou imperfeccións. Moitas destas esculturas, como as que representaban os emperadores, tiñan unha finalidade propagandística.
- **Pintura e mosaico.** Da pintura sobreviviron moitos máis restos que no caso grego e tiñan unha función fundamentalmente decorativa no interior dos edificios. Os mosaicos formaban imaxes mediante pequenas pezas de cerámica ou vidro, chamadas **teselas**. Polo seu elevado custo eran elementos de prestixio que decoraban os fogares das clases altas ou algúns edificios públicos. Representaban temáticas variadas: escenas da vida cotiá, históricas, mitolóxicas etc.

Literatura, Historia e Filosofía


- Roma vai a continuar no campo da **literatura** os camiños xa comezados por Grecia, interesados pola épica, a comedia ou a mitoloxía. A súa achega será a **sátira**, a través da cal os autores romanos criticaban ou ridiculizaban os vicios humanos, facendo uso do humor.
- A **historia** será un xénero que interese especialmente a Roma, pero menos rigorosa que a grega e cun contido máis moralizante. Por norma, os autores de historia romanos resultan pouco obxectivos, e tenden a favorecer un punto de vista.

- En **filosofía**, Roma terá autores de importancia, como **Séneca** ou **Agostiño de Hipona**. O carácter pragmático de Roma está moi presente nas cuestións expostas na súa filosofía, preocupada especialmente pola **ética** e a **filosofía política**.

O lecer e os espectáculos

Roma é unha cultura na que o xogo, o lecer e o espectáculo posúen un peso moi importante. Isto leva a que os edificios públicos destinados a estes propósitos, e os propios espectáculos levados a cabo, van estar pagados polos emperadores ou polas clases altas. O obxectivo disto era dobre: gañar prestixio ante as clases populares e evitar o malestar social. Entre os espectáculos máis destacados atopamos:

- Os levados a cabo no **circo**. Destacaban aquí as carreiras de carros tirados por cabalos (**cuadrigas**) cun **auriga** ou condutor. A emoción, as apostas e o risco ao que se enfrontaban os aurigas (eran habituais os accidentes) podían chegar a reunir ata 200.000 persoas no Circo Máximo de Roma. Os aurigas vitoriosos podían converterse en auténticas celebridades romanas.
- Os levados a cabo no **anfiteatro**. O preferido dos romanos era a loita de **gladiadores**, que loitaban por parellas, en grupos ou como verdadeiros exércitos, en función do investimento que levase a cabo o patrocinador dos xogos. Estes combates podían ser a morte. Nos anfiteatros tamén se facían **venationes**, que eran cazarías de animais exóticos traídos dende os territorios conquistados.



Mosaico de Zliten, século III d.C.

S13. Compare as características da arte grega e romana.

S14. Defina os seguintes termos. Lembre que existe un glosario ao final da unidade.

▪ Auriga	
▪ Anfiteatro	
▪ Termas	
▪ Basilica	
▪ Acueduto	

2.3 A entrada da Península Ibérica na Idade Antiga

A Península Ibérica, pola súa situación e recursos, será un lugar de expansión das potencias do Mediterráneo e zona de conflito destas. É o caso de Roma e Cartago, que chocarán na península durante as guerras púnicas.

2.3.1 Os pobos prerromanos

Denomínanse pobos prerromanos a aqueles que vivían na península antes da conquista de Roma. Distinguimos dous grandes grupos: o dos pobos asentados na costa mediterránea e Andalucía (**iberos**) e os pobos que habitaban no norte da península e meseta, que recibiron a denominación de **celtas**.

Iberos

Estes pobos estaban máis avanzados que os pobos celtas, xa que estaban en contacto coas civilizacións do Mediterráneo. Grazas a isto, introduciron novidades como a escritura, a moeda ou técnicas artesás. Organizábanse en **tribos**, dirixidas por un rei que gobernaba co apoio das elites de guerreiros e sacerdotes. Baseaban a súa economía na agricultura e na explotación dos metais.

Celtas

Estes pobos vivían en poboados amurallados levantados sobre territorio elevado: os **castros**. Organizábanse en **tribos**, dirixidos por unha minoría na que os sacerdotes (**druídas**) e os **metalúrxicos** posuían un gran peso social. Na economía o comercio tiña un peso moito menor que no caso dos iberos, pois dependían da agricultura e da gandaría, complementadas coa caza e a recolección. Eran expertos no tratamento dos metais.

No territorio da actual Galicia, os celtas mesturáronse coa poboación local, e recibiron o nome de **pobos galaicos**. Desde o século VIII a. C. ata a ocupación romana, os galaicos desenvolveron a **cultura castrexa**, caracterizada por:

- A poboación habitaba en **castros**, os devanditos poboados de fácil defensa. No seu interior había por norma vivendas de planta circular e feitas de pedra. O número de castros localizados en Galicia é elevado. Destacan polo seu especial estado de conservación os de **Santa Tegra, Baroña ou San Cibrao de Las**.

- A **sociedade** organizábase por lazos de sangue (como o clan ou a familia) e a liñaxe trazábase a través da muller. Posiblemente, a posesión da terra iría vencellada tamén á figura da muller. Non obstante, a elite formaríaa unha aristocracia guerreira de varóns.



Vivenda reconstruída do castro de Santa Tegra

- A **economía** baseábase na agricultura e gandaría, complementadas con actividades de caza, recolección e marisqueo. A minaría e a metalurxia estaban desenvoltas, e o comercio, aínda que máis escaso que na franxa mediterránea, intercambiaba metais por outros produtos, tales como cerámica de luxo, pezas e de vidro e outros obxectos de valor.
- En canto á **cultura e ás súas crenzas**, o panteón relixioso era extenso e relacionado con elementos da natureza como os bosques e as augas, pero tamén cos camiños e as encrucilladas. Os rexistros que temos son da época galaico-romana, dado que os castrexos non coñecían a escritura. Da época do bronce conservamos abundantes enterramentos en túmulos ou **mámoas**.

Actividades propostas

- S15. Escolla un dos castros mencionados na teoría, ou ben un situado cerca da súa localización e realice unha busca de información a través da rede ou da biblioteca do centro. A continuación, elabore un breve informe no que indique a **localización, cronoloxía, extensión e características** do lugar escollido (100-150 palabras).

2.3.2 As colonizacións e a conquista romana

Entre os pobos interesados no control dos recursos da Península Ibérica atopamos, por orde cronolóxica, a: fenicios, gregos, cartaxineses e romanos.

Fenicios

Chegaron durante o primeiro milenio a. C., procedentes do Mediterráneo oriental e asentáronse na costa andaluza. A súa actividade principal era o comercio de metais. Dende as súas factorías en **Gadir** (Cádiz) e **Málaga** (Málaga) comerciaban cos pobos mineiros do interior. Difundiron o uso do ferro e trouxeron coñecementos como a conserva en salgadura, o torno de oleiro e a escritura alfabética.

Gregos

Estendéronse polas costas catalá e levantina. A influencia grega sobre as tribos ibéricas apréciase na arte, na lingua e na industria, tamén no cultivo da vide e da oliveira. A colonia máis importante foi **Emporion** (Empúries), cidade fundada cara ao ano 600 a. C. e que mantivo a súa prosperidade comercial ata a época romana.

Cartaxineses

No século III a. C. fundaron a cidade de **Cartago Nova** (Cartaxena), enclave principal na Península Ibérica. O seu obxectivo principal era o comercio de metais, sobre todo o estaño. No seu desexo de controlar o interior da península, tiveron que enfrontarse ao exército romano durante as **Guerras Púnicas**, nas que os cartaxineses foron derrotados.

Conquista romana

Roma aproveitou a situación das guerras púnicas, durante o século III a. C., para facerse coas posesións cartaxinesas na península. A conquista seguiu durante o século II a. C. e libráronse guerras contra pobos como os **lusitanos** e os **celtiberos** (asedio de **Numancia**). Só a finais do século I a. C., en tempos do emperador Augusto, conseguiu Roma facerse co control de todo o territorio da Península Ibérica.

2.3.3 Hispania romana e Gallaecia

A romanización, é dicir, a asimilación do territorio e poboadores ao inculcarlles as tradicións, leis e lingua latinas, comeza desde antes de finalizar a conquista do territorio. A Península Ibérica chegou a ser o territorio máis romanizado alén da Península Itálica e integrouse no imperio tras un longo tempo de loita e conquista.

Os romanos déronlle o nome de **Hispania** ás terras conquistadas na península, que dividiron en **provincias** para controlar máis facilmente. En cada provincia había un gobernador designado por Roma. Orixinalmente eran só dúas provincias, pero no século III d. C. chegaron a ser cinco: **Gallaecia, Lusitania, Bética, Cartaxinense e Tarraconense**. Roma posuía un grande interese na Gallaecia pola súa riqueza mineira.




Foron elementos da romanización os seguintes:

- **A lingua.** O **latín** impúxose sobre o resto das linguas locais, das que perduraron soamente algunhas palabras.
- **As leis.** O **dereito romano** estendeuse pola península. A concesión da **cidadanía** á poboación fixo que os habitantes se rexesen polas mesmas leis.
- **A rede de comunicacións.** Hispania integrouse no gran circuíto comercial romano e facilitoulle ao mesmo tempo o contacto de viaxeiros e a transmisión de ideas.
- **O exército.** Ao retirarse, os lexionarios recibían lotes de terras nas provincias romanas. Isto facilitaba a transmisión das ideas romanas á poboación local. Igualmente, os campamentos das lexións foron o xerme dalgunhas cidades, como **Lugo**.
- **O desenvolvemento das cidades.** Irradiaron desde aquí moitos dos elementos vencellados á cultura romana, como a visión do lecer e dos espectáculos. Termas, teatros, anfiteatros etc. fixeron a súa aparición.
- **A relixión.** Persistiron os cultos locais, pero a relixión romana foise espallando pola península, e isto facilitou a creación dunha identidade romana. O cristianismo comezou a estenderse pola península a partir do século II d. C.

No caso de **Galicia**, a pegada romana é considerable: introduciron o arado e a vide; construíron calzadas para dar saída aos metais extraídos; realizaron obras públicas, como o faro da Torre de Hércules, pontes como a do río Bibei, termas como as de Lugo etc.; a lingua propia de Galicia, o galego, provén do latín, como o fai o propio nome de Galicia, dende “Gallaecia”.

Actividades propostas

- S16. Elabore unha liña temporal en formato dixital que integre os aspectos máis significativos da conquista e romanización da Península Ibérica. Recoméndase o emprego da ferramenta “Timeline”, que pode atopar na seguinte ligazón: http://www.readwritethink.org/files/resources/interactives/timeline_2/



3. Resumo de contidos

Podemos considerar que Grecia e Roma son, como **civilizacións clásicas**, o berce da nosa cultural actual, pola súa enorme influencia en Europa e noutros lugares do mundo. De Grecia herdamos conceptos tales como a visión da beleza e da arte, o interese polo deporte, o valor dado á liberdade individual e ao coñecemento etc.

O espazo da civilización grega abarcou boa parte das costas do Mediterráneo e de Anatolia. Cronoloxicamente, distinguimos época micénica (1600 a. C.-1150 a. C.), Idade Escura (1150 a. C.-800 a. C.), época arcaica (800 a. C.-500 a. C.), clásica (500 a. C.-350 a. C.) e helenística (350 a. C.-146 a. C.)

Grecia

A sociedade micénica

A época micénica oscila entre a historia e o mito: os gregos clásicos situaron aquí boa parte da súa **mitoloxía**. En canto aos trazos xerais desta época:

- A **autoridade** residía nunha elite guerreira que controlaba fortalezas ciclópeas. A **sociedade** micénica estaba xerarquizada. Por debaixo da elite guerreira había altos funcionarios e escribas, e por debaixo destes había artesáns e produtores.
- Micenas coñecía múltiples **rutas comerciais** no Mediterráneo, o cal facilita así o intercambio de produtos e o seu crecemento.
- Os micénicos coñecían un **sistema de escritura** (lineal b).

A desaparición da sociedade micénica atribúese de forma tradicional a unha invasión violenta por parte doutro pobo: os **dorios**.

A Idade Escura

Nesta etapa prodúcese un **retroceso** en liñas xerais fronte á etapa anterior. É unha época da que non se conservan testemuños escritos.

- A vida organizábase en torno a pequenas aldeas, e cunha **economía de subsistencia**.
- O comercio non mantivo a importancia da época micénica.
- Houbo bastantes movementos migratorios.

A época arcaica

Os trazos que debemos destacar desta etapa serían os seguintes:

- Apareceron as **poleis**, cidades-estado. Nestas existe un centro urbano dividido en **ágora** e **acrópole**. Contaban tamén cun territorio que proporcionaba os recursos económicos.
- O poder político pasou das mans dos monarca ás dunha **oligarquía**. Os conflitos entre elites e pobo fixeron que apareceran despois os **tiranos** e os **lexisladores**.
- Hai un intenso comercio marítimo, aparecen novas embarcacións (os **trirremes**) e nace tamén un novo exército para a defensa das *poleis*: o exército **hoplítico**.
- Aparecen as **colonizacións**, expedicións que buscaban crear novas cidades, e a ser posible de forma pacífica.
- Aparecen lugares (santuarios, como Delfos) e celebracións (como os xogos olímpicos) que facilitan o sentimento de pertenza ao mesmo pobo: o **helenismo**. Aínda que vivisen en *poleis* independentes, os gregos compartían lingua, crenzas e tradicións.

Época clásica

Durante o século V a. C. e a primeira metade do século IV a. C. tivo lugar a época clásica, un momento conflictivo no que cobraron especial peso as *poleis* de **Atenas** e **Esparta**.

Atenas ocupaba a península ática. Os trazos principais do seu funcionamento son:

- Controlaba **importantes recursos**: mármore e prata. Estableceu unha economía baseada no comercio marítimo.
- A finais do século VI a. C. instaurouse a **democracia** ateniense:
 - Os cidadáns (varóns) podían intervir na política e eran considerados iguais ante a lei.
 - O principal órgano de toma de decisións era a **ecclesia** ou asemblea, composta por todos os cidadáns varóns maiores de 18 anos. A **boulé**, formada por cidadáns escollidos por sorteo, preparaba os asuntos sobre os que logo decidía a asemblea.
 - Os **tribunais de xustiza** eran escollidos por sorteo entre os cidadáns cada ano.
- A sociedade ateniense resultaba moi restritiva. Dividíase en:

- **Cidadáns:** libres e con dereitos. A posición da muller era a de exclusión da vida pública.
- **Metecos:** libres pero sen dereitos políticos.
- **Escravos:** o grupo máis numeroso. Carecían de dereitos.

Esparta situábase na península do Peloponeso. Os seus principais trazos eran:

- **Economía** agraria de base escravista.
- A organización política era a seguinte:
 - **Monarquía dual** vixiada por cinco maxistrados (**éforos**).
 - A **xerusia** ou consello de anciáns, era a encargada de preparar os asuntos que discutiría logo a asemblea.
 - A **apella** ou asemblea, era un órgano de consulta.
- Na sociedade, a organización era a seguinte:
 - Na cúspide estaban os **cidadáns** ou **espartiatas**, libres e con dereitos.
 - **Periecos**, libres pero sen dereitos políticos.
 - **Ilotas**, o grupo máis numeroso. Carecían de dereitos e vivían baixo unha situación brutal.

Durante a época clásica, Grecia viviu conflitos de importancia:

- As **Guerras Médicas**. Conflito contra o imperio persa, no que Atenas e Esparta tiveron un papel fundamental. as *poleis* gregas conseguiron obter vitorias definitivas contra os persas nas batallas de **Salamina** e **Platea**.
- A derrota de Persia outorgoulle un gran poder a Atenas, que creou a **Liga de Delos** para financiar unha grande armada de guerra que lle permitía expandir a súa influencia.
- Como se sentía ameazada, **Esparta** liderou varias *poleis* contra Atenas na guerra do **Peloponeso**, na cal conseguiu a vitoria no 404 a. C.
- As condicións impostas por Esparta resultaron ser tan opresivas que levaron á sublevación dos vencidos.
- Atenas e Esparta acabaron debilitadas e viron substituído o seu poder na rexión por Macedonia.

A época helenística

Macedonia era considerada un territorio bárbaro polos gregos, polos seus trazos económicos, sociais e políticos. Macedonia estaba interesada na cultura, nos avances gregos e nos seus territorios. Como antecesor de Alexandre Magno atopamos a Filipo II, que impulsou a **helenización** do seu reino e creou un exército moderno co que controlou o territorio de Grecia. Filipo quería atacar o imperio persa, pero antes de conseguilo morreu asasinado. O seu sucesor foi **Alexandre**.

Alexandre chegou ao poder no 336 a. C. e conseguiu consolidalo. Reuniu un poderoso exército e atacou Persia no 334 a. C.:

- En pouco tempo fíxose co control de Asia Menor e de Exipto.
- Chegou ao centro do imperio persa, onde derrotou ao rei **Darío** e tomou **Babilonia**.
- Continuou a súa expansión por **Asia Central** e chegou ata o **val do Indo**.
- O seu exército, esgotado, esixiulle a fin das campañas de expansión e o regreso.

Ao pouco tempo de regresar, Alexandre morreu en circunstancias pouco claras, con só 33 anos.

A morte de Alexandre, sen un sucesor claro, conduciu ao enfrontamento entre os seus xenerais, que se repartiron entre eles os territorios nos reinos de **Macedonia**, **Asia e Exipto**. Esta época caracterízase por:

- A expansión dunha **lingua común** de base grega nos territorios conquistados.
- A creación de amplos e novos mercados.
- O desenvolvemento dunha gran diferenza de clases.
- Un forte investimento na arte e no desenvolvemento das cidades como centros de cultura e progreso científico.

A cultura grega

Grecia fixo achegas de importancia en múltiples e moi diversos campos:

- A mitoloxía grega será determinante no seu modo de producir arte ou literatura. Os antigos gregos eran **politeístas** e crían en deuses de aspecto e actitude humanas, na descendencia deses deuses (heroes e heroínas) e en criaturas fantásticas.

- No terreo das artes, Grecia destacou especialmente en:
 - Arquitectura, con edificios relixiosos (o templo) e civís (teatros, estadios, stoas etc.)
 - En **escultura** cunha gran preocupación polo ideal de beleza, plasmado nos estudos anatómicos e regras de representación da obra (o canon).
- En literatura, destaca o desenvolvemento da poesía, con Homero; e en teatro, a produción de traxedias e comedias.
- Os gregos procuraban darlles explicacións racionais aos fenómenos naturais, pois prescindían de explicacións vencelladas á relixión ou á superstición. Desta idea naceu primeiro a **filosofía** (do grego: *amor pola sabedoría*) e despois a ciencia:
 - En filosofía destacan Sócrates, Platón e Aristóteles
 - No terreo da **ciencia**, sobresaen Pitágoras e Euclides en matemáticas, Arquímedes en física e Hipócrates en medicina.

Roma

Monarquía

A orixe de Roma bebe na tradición do mito de **Rómulo** e **Remo**. Pasou en pouco tempo de aldea a cidade. Os seus trazos principais eran:

- A **economía** baseábase na agricultura pero tiña tamén peso a actividade gandeira e o **comercio**.
- No eido da **política**, gobernaba un rei (**rex**) que tiña poder absoluto, e que estaba apoiado por un consello de anciáns (**Senado**). Presentaba as súas leis ante unha **assemblea** de cidadáns libres.
- No ámbito **social**, a familia era a base da organización. O pai (**pater familias**) tiña a máxima autoridade no fogar e posuía o dereito a dispoñer da vida da súa esposa e fillos. En canto ás clases sociais, Roma dividíase en cidadáns ricos (**patricios**) e pobres (**plebeos**). No último chanzo estaban os **escravos**.
- É tamén nesta época na que comeza a configurarse o **exército** romano, coa **lexión**.

República

É unha longa etapa na cal Roma se converte na principal potencia do mundo antigo. Entre os trazos destacados da época atopamos:

- Na **economía**, Roma acumulou grandes recursos económicos e en forma de man de obra escrava, o cal aumentou as diferenzas entre ricos (patricios) e pobres (plebeos).
- En **política**, os monarcas foron substituídos polos **cónsules**. Xunto a estes cónsules existían outros maxistrados tales como **edís**, **pretos**, **cuestores** e **censores**. O **Senado** mantivo funcións semellantes ás da monarquía, e os **comicios** ou asembleas xogaron un papel de importancia ao escoller maxistrados, aprobar leis, cuestións de guerra e paz etc.
- A **sociedade** tiña na cúspide, e xunto aos ricos **patricios**, outra clase acomodada: os **équites**. A **plebe** viu como a súa situación se volvía cada vez máis complicada. Finalmente, o número de **escravos** aumentou considerablemente.
- Durante esta etapa, Roma levou a cabo múltiples guerras para ampliar o seu territorio e converterse nunha potencia. Entre estes conflitos destacan a conquista de Italia (na cal o maior choque foi contra o rei **Pirro**) e a expansión polo Mediterráneo, que trouxo consigo as guerras púnicas e á destrución de **Cartago**.
- Ademais destes conflitos externos, Roma sufriu importantes enfrontamentos internos que desgastaron e acabaron por derrubar a república. O último deles estivo provocado polo asasinato de Xulio César e o enfrontamento entre os seus sucesores e os asasinados. O vencedor deste choque foi o **Octavio Augusto**, que asumiu o papel de emperador no 27 a.C., co que se lle poñía fin ao período da república.

Imperio

A fase do imperio, que se expandía por África Asia e Europa, caracterízase polo **poder absoluto** exercido dende as mans dos **emperadores**.

- No eido **económico**, o comercio intensificouse. A **minaría** coñeceu un auxe. As clases baixas empeoraron a súa situación e os emperadores e clases altas comezaron a proporcionar alimento e espectáculos gratuítos aos cidadáns para evitar rebelións.
- No eido **político**, os emperadores mantiveron a existencia do **Senado** e das **assembleas**, pero sen peso real.
- No eido **social**, os descendentes dos **patricios** mantiñan poder económico pero

perderon o político. Os **équites** aumentaron a súa importancia. As clases sociais baixas volvéronse máis dependentes do Estado romano, e o número de escravos aumentou. Nos territorios conquistados intensificouse a **romanización**, a substitución da cultura e os modos de vida locais polos romanos.

Na época imperial apareceu unha nova relixión practicada por persoas que dicían seguir a Xesús de Nazaret. Os principios básicos foron dous: a igualdade de todas as persoas ante Deus e unha vida eterna tras a morte. Isto foi visto como un perigo por parte do poder romano, xa que ía contra os fundamentos do escravismo e negaba o culto ao emperador.

Levou a cabo unha importante persecución ata que Constantino concedeu a liberdade de culto no Edicto de Milán no 313 d. C. No 380, o emperador Teodosio fixo do cristianismo a relixión oficial do imperio.

No século III d.C. o imperio viviu unha grave crise. A corrupción comezou a estar á orde do día entre os administradores romanos e as guerras civís fixeron a súa reaparición. O imperio dividiuse en dúas partes no ano 395 d. C.: O Imperio Romano de Occidente, con capital en Roma e o Imperio Romano de Oriente, con capital en Constantinopla.

Isto non evitou que a crise seguise o seu curso, especialmente na parte occidental: os ataques dos bárbaros crearon unha crise económica que fixo que Roma non puidese loitar contra os seus inimigos. Finalmente, no 476 d. C. o último emperador romano, **Rómulo Augusto**, é deposto polo caudillo **Odoacro**, que pon fin ao Imperio Romano de Occidente. A parte oriental sobreviviría aínda ata o ano 1453 d. C.

A cultura romana

Roma posúe unha característica particular como civilización: o seu forte **pragmatismo**. Isto conduce a que Roma absorba elementos que considera útiles doutras culturas. Ao mesmo tempo, Roma fixo grandes esforzos por assimilar as poboacións dos territorios conquistados para espallar a súa propia cultura. Este proceso é coñecido como **romanización**.

- En **relixión**, Roma vai assimilar divindades gregas, exipcias ou asiáticas, identificándoas con outras ás que xa lles prestaban culto. O culto no ámbito doméstico era oficiado polo *pater familias*, e no público por políticos e sacerdotes. No imperio comeza a dárselle culto aos emperadores. Máis tarde, o cristianismo será a relixión oficial do imperio.

- Na arte, Roma vaise preocupar pola representación da realidade (como na escultura, a través do retrato) e polo práctico (como mostran os seus edificios: basílicas, termas, circos, teatros, anfiteatros etc.). A súa pintura e os seus mosaicos tiñan unha finalidade decorativa.
- Nos campos da literatura, a historia e a filosofía, Roma continúa os camiños comezados por Grecia e achega algunha novidade. Inventa a sátira, emprega a historia como ferramenta política e céntrase nos campos da ética e da filosofía política no terreo da filosofía.
- En canto a lecer, espectáculos, e edificios públicos destinados a estes fins, van estar pagados polos emperadores ou polas clases altas para congraciarse coas clases populares. Destacan as carreiras de carros realizadas nos circos e os combates de gladiadores levados a cabo nos anfiteatros.

A Península Ibérica na antigüidade

Pobos prerromanos

Estes pobos son aqueles que vivían na península antes da conquista de Roma. Distinguimos dous grandes grupos:

- **Iberos.** En contacto coas civilizacións mediterráneas, desenvoltos e cun comercio próspero. Organizábanse en tribos e súa economía orbitaba ao redor da agricultura e da explotación de metais.
- **Celtas.** Menos desenvoltos e illados que os pobos iberos. Organizábanse en tribos, vivían en castros e a súa economía dependía da agricultura e gandaría. No caso de Galicia, mesturáronse coa poboación local e deron lugar á **cultura castrexa**:
 - A cultura castrexa desenvolveuse dende o século VIII a. C. ata a ocupación romana. Nesta cultura, a poboación vivía en castros, organizábase por lazos de sangue e posuía unha economía baseada na agricultura, na gandaría e na explotación e comercio de metais. Contaban cun panteón relixioso extenso e descoñecían a escritura.

Colonizacións e conquista romana

Entre os pobos interesados no control dos recursos da Península Ibérica atopamos, por orde cronolóxica a:

- **Fenicios.** Chegaron durante o primeiro milenio a. C., e asentáronse na costa

andaluza (Gadir, Malaca). A súa actividade principal era o comercio de metais. Trouxeron coñecementos como a conserva en salgadura, o torno de oleiro e a escritura alfabética.

- **Gregos.** Estendéronse polas costas catalá e levantina (Emporion). Influxión sobre a poboación local na arte, na lingua e na industria, tamén no cultivo da vide e da oliveira.
- **Cartaxineses.** No século III a. C. fundaron a cidade de **Cartago Nova**, enclave principal na Península Ibérica. Interesábanlles os xacementos de metais. Enfrontáronse ao exército romano durante as guerras púnicas, nas que os cartaxineses foron derrotados.
- **Conquista romana.** Roma fíxose coas posesións cartaxinesas no século III a. C., pero a conquista do territorio seguiu ata finais do século I a. C., en época de Augusto.

Hispania romana e Gallaecia

A romanización comeza na península dende antes de finalizar a conquista do territorio. Hispania chegou a ser o territorio máis romanizado alén da Península Itálica e integrouse no imperio tras un longo tempo de resistencia. En Gallaecia, provincia da que deriva o nome de Galicia, Roma posuía un grande interese polos seus recursos mineiros. Foron elementos principais da romanización:

- **A lingua.** O **latín** impúxose sobre o resto das linguas locais.
- **As leis.** O **dereito romano** estendeuse pola península.
- **A rede de comunicacións,** coa integración no gran circuítu comercial romano.
- **O exército,** que se mesturou coa poboación local ao recibir terras aquí a retirarse.
- **O desenvolvemento das cidades,** claves na transmisión da visión do lecer e a cultura de Roma.
- **A relixión,** que ao espallarse facilitou a creación dunha identidade romana.

No caso de **Galicia**, a pegada romana foi considerable: introduciron o arado e a vide; construíron calzadas; realizaron obras públicas: faros, pontes, termas etc.; o galego provén do latín, como o fai o propio nome de Galicia.

4. Actividades complementarias

As seguintes actividades propostas están especialmente dirixidas aos grupos presenciais, por unha cuestión de tempo dispoñible, maior posibilidade de organización de grupos de traballo e de dedicación de sesións a actividades tales como a exposición oral e o debate. Iso non debe ser óbice para que o profesorado que o considere oportuno, empregue as seguintes propostas de cara a favorecer a formación dos grupos de ensino semipresencial.

S17. Organice un debate no grupo co obxectivo de indicar as semellanzas e as diferenzas entre a democracia ateniense e a actual democracia. Para obter dous grupos, recoméndase facer un pequeno exercicio de *roleplaying* (unha simulación ou xogo de rol) e formar un grupo que interprete a cidadáns atenienses do século V a.C. (a favor do seu propio sistema) e outro grupo no papel de defensores do sistema actual. Aconséllase o tratamento dos seguintes apartados, xunto a aqueles que o profesor/a considere axeitados:

- Requisitos para ser cidadán/á.
- Participación na toma de decisións. Quen pode participar e de que modo o fai.
- Elección de cargos públicos.
- Espazos nos que se discute de política e modo no que se fai.
- Dereitos e liberdades.

Cómpre lembrar que na parte final da unidade temos materiais complementarios recomendados e ligazóns de interese.

S18. Proposta de traballo en grupo: investigue os cambios introducidos pola romanización no territorio galaico e realice unha exposición en formato multimedia acerca deles.

Aconsellamos empregar o seguinte esquema:

- Traballo previo por parte do/da docente:
 - **Configuración do proxecto** (tamaño dos grupos, roles necesarios neles, formatos que se empregarán para presentar as conclusións etc.)
 - **Selección das ferramentas** que poidan resultar axeitadas para a tarefa, tendo en conta aquelas ás que o alumnado poida ter acceso (programas, apps, recursos en liña etc.). Recomendamos dividir estas ferramentas entre aquelas que poidan resultar de utilidade para **coordinar o grupo, investigar e organizar a información; confeccionar o proxecto e expoñer.**

- **Busca previa de información** acerca do tema (xa sexa a través de Internet, a biblioteca do centro ou outras próximas, museos arqueolóxicos ou xacementos nas inmediacións etc.) de tal xeito que resulte posible anticiparse aos problemas que o alumnado poida atopar e orientar así o grupo de cara a obter información valiosa en formatos diversos.
- Preparación do traballo:
 - **Configuración do grupo** (ou grupos) de traballo, distribución dos roles que se consideren axeitados para a realización da tarefa (p. ex.: coordinador, investigadores, redactores, oradores etc.) entre o alumnado, de tal xeito que todos os participantes teñan unha tarefa ou serie de tarefas claras dende o primeiro momento.
 - **Delimitación do período** e/ou culturas sobre os que versará a actividade.
 - Establecemento dun **calendario para distribuír a carga de traballo** e unha data límite para a finalización deste, de tal xeito que o grupo poida organizar o tempo de traballo de forma práctica.
 - Selección das ferramentas que empregará o grupo e explicación do funcionamento delas en caso de ser necesario.
- Realización do traballo:
 - **Comezo das tarefas de investigación**, acudindo ás fontes que poidan resultar de utilidade.
 - Se resultase posible, **recomendamos realizar unha visita a un xacemento galaico-romano preto da localización ou a un museo arqueolóxico**, para coñecelo de primeira man e tomar contacto coas ferramentas e modo de vida da antigüidade.
 - **Confección do proxecto en si**, para o que debe empregarse as ferramentas seleccionadas.
 - Ao longo de toda esta fase, é fundamental que o grupo informe ao seu profesor ou profesora daqueles problemas que vaia atopando, para poder darlles unha pronta solución e que o traballo poida avanzar con normalidade.
- Presentación das conclusións e valoración do proxecto:
 - **Exposición nos formatos escollidos**, xa sexa en forma de presentación, vídeo, podcast, exposición en forma de murais...
 - **Debate acerca das conclusións obtidas**, e sobre o proceso de traballo en si.

5. Exercicios de autoavaliación

1. Que é o lineal b?

- Unha forma de escritura.
- Un tipo de cerámica.
- Un modelo de fortificación.
- Un tipo de embarcación.

2. En que etapa situaron os gregos boa parte da súa mitoloxía, tal como a guerra de Troia ou os traballos de Hércules?

- Na Idade Escura.
- Na Idade arcaica.
- Na época micénica.
- Na época clásica.

3. Nas *poleis* gregas, onde se sitúan os templos?

- Na ágora.
- Na acrópole.
- Na *chora*.
- Nos foros imperiais.

4. Que é un trirreme?

- O nome que reciben os guerreiros gregos.
- Un santuario situado en Delfos.
- Un tipo de embarcación.
- Un tipo de cerámica.

5. Cal era o principal órgano de toma de decisións na democracia ateniense?

- Os metecos.
- As maxistraturas.
- A *boulé*.
- A *ecclesía*.

6. Cal era o grupo máis numeroso da sociedade espartana?

- Os espartiatas.
- Os éforos.
- Os periecos.
- Os ilotas.

7. Quen gañou a guerra do Peloponeso?

- Atenas.
- Esparta.
- Persia.
- Roma.

8. Cal dos seguintes pensadores gregos destacou no campo da medicina?

- Euclides.
- Heródoto.
- Sócrates.
- Hipócrates.

9. Como se chamaban os cidadáns ricos e poderosos da época da monarquía romana?

- Patricios.
- Plebeos.
- Espartiatas.
- Libertos.

10. Cal foi o primeiro emperador de Roma?

- Xulio César.
- Octavio Augusto.
- Sila.
- Alexandre Magno.

11. Que medida fixo legal a práctica do cristianismo en Roma?

- O Edicto de Milán.
- Os *idus* de marzo.
- A donación de Constantino.
- A crise do século III.

12. Cal foi o último emperador de Roma?

- Odoacro.
- Rómulo Augusto.
- Atila.
- Belisario.

13. Que xogos eran os que se celebraban, principalmente, nos **circos** romanos?

- Competicións teatrais.
- Xogos de gladiadores.
- Carreiras de cuadrigas.
- Cazarías de animais exóticos.

14. Cal dos seguintes foi o primeiro pobo en establecer colonias na Península Ibérica?

- Roma.
- Cartago.
- Grecia.
- Fenicia.


15. Que cidade galega evolucionou dun antigo campamento militar romano?

- Betanzos.
- Ferrol.
- Lugo.
- Vigo.

6. Solucionario

6.1 Solucións das actividades propostas

- S1. Tome as datas que aparecen ao principio do tema e elabore unha liña temporal na que figuren as distintas épocas nas que se divide a historia da antiga Grecia.



- S2. Defina os seguintes termos. Lembre que existe un glosario ao final do tema.

▪ Lineal b	Sistema de escritura empregado pola cultura micénica, empregado fundamentalmente con fins administrativos e que precedeu en varios séculos ao alfabeto grego.
▪ Polis	Na antiga Grecia, comunidade política que se administraba por si mesma, constituída en liñas xerais por unha agrupación urbana e o territorio circundante.
▪ Trirreme	Nave de guerra inventada en torno ao século VII a. C. O seu nome provén de que tiña tres bancos de remeiros superpostos a distintos niveis nos seus flancos.
▪ Hoplita	Cidadán soldado da antiga Grecia. O seu nome deriva do gran escudo (hoplón) que portaban na batalla. No exército hoplítico coincidían distintos estratos sociais, facilita o sentimento de pertenza á mesma cidade.
▪ Oligarquía	Sistema de goberno no que o poder está en mans dunhas poucas persoas pertencentes a unha clase social privilexiada.
▪ Xogos olímpicos	Competicións atléticas entre as distintas cidades-estado gregas. Comezaron a ter lugar no 776 a. C. Celebrábanse cada catro anos na cidade de Olimpia, de onde reciben o seu nome.

- S3. En relación ao mapa, conteste as cuestións expostas. Pode ver o mapa cunha maior resolución na seguinte ligazón:

[https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/a/a9/Griechischen_und_phönizischen_Kolonien.jpg/1280px-](https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/a/a9/Griechischen_und_phönizischen_Kolonien.jpg/1280px-Griechischen_und_phönizischen_Kolonien.jpg)

Griechischen_und_phönizischen_Kolonien.jpg



<ul style="list-style-type: none"> ▪ Que foi a colonización grega? 	Expedicións que buscaban crear novas cidades, cun contacto previo coa poboación indíxena que facilitase a integración de forma pacífica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ En que etapa comezou? 	Na época arcaica, co aumento da poboación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A que área xeográfica afectou? 	Á costa do Mediterráneo e do Mar Negro, pois espalláronse por lugares diversos tales como Anatolia, o norte de África, a Península Itálica, a Ibérica ou a costa da actual Francia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Existiron colonias gregas na Península Ibérica? 	Sí, por exemplo Emporion (actual Empúries) e Rodas (actual Roses).

- S4. Compare a sociedade de Atenas e de Esparta. Indique as súas semellanzas e diferenzas.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ En Atenas, na cúspide estaban os cidadáns, libres e con dereitos. A posición da muller era de exclusión da vida pública, non podía intervir nos organismos nin votar, e estaba relegada aos asuntos domésticos. En Esparta, na cúspide estaban os cidadáns ou espartiatas. Os homes tiñan a obriga de dedicarse á guerra, e a súa educación quedaba nas mans da cidade dende os 7 anos. As mulleres tiñan máis liberdade que noutras cidades gregas, aínda que continuaban a estar excluídas da vida política. ▪ No seguinte chanzo, atopamos os metecos, homes libres e as súas familias (uns 70.000 individuos). Eran principalmente artesáns, comerciantes, industriais ou banqueiros. Non podían intervir na política nin posuír terras. En Esparta, os individuos libres que non eran cidadáns chamábanse periecos. Dedicábanse ao comercio e á artesanía, e aínda que non podían participar na vida política, si podían formar parte do exército da cidade e obter lotes de terras. ▪ En Atenas, o grupo máis numeroso (uns 125.000) era o dos escravos, que contaba con situacións moi diversas. A máis extrema polas súas condicións de traballo era a dos enviados ás minas. En Esparta, o máis numeroso era o dos ilotas, que vivían nunha situación de servidume. Impúñanlles duros traballos e eran tratados de forma brutal, mesmo había cazarías anuais (criptias) organizadas polos cidadáns para quebrar a moral dos seus escravos e buscar que non se rebelasen. Aínda así, existiron múltiples rebelións por parte dos ilotas, que buscaban escapar da súa situación de servidume.

S5. Defina os seguintes termos. Lembre que existe un glosario ao final da unidade.

▪ <i>Ecclesia</i>	Asemblea ateniense, principal órgano de toma de decisións da cidade. Estaba composta por todos os cidadáns varóns maiores de 18 anos. A <i>Ecclesia</i> votaba as leis, escolliu os seus gobernantes (arcontes) e decidía en asuntos de guerra e paz.
▪ <i>Metecos</i>	Individuos libres que vivían en Atenas pero que carecían de capacidade de intervención na vida política da cidade. Non podían posuír terras.
▪ <i>Xerusia</i>	Consello de anciáns espartano, que se encargaba de preparar os asuntos tratados na súa asemblea. Os seus integrantes tiñan máis de 60 anos.
▪ <i>Liga de Delos</i>	Alianza militar liderada por Atenas, na cal os integrantes debían achegar diñeiro, tropas e navíos para as expedicións militares.
▪ <i>Criptias</i>	Cacerías humanas anuais organizadas polos cidadáns espartanos, para eliminar aos potenciais líderes ilotas e evitar a organización de rebelións na súa contra.
▪ <i>Rethra</i>	Constitución espartana que ten lugar no século IX a. C., atribuída ao lexislador Licurgo. Senta as bases do funcionamento desta polis.

S6. Confeccione un mapa do imperio de Alexandre Magno a través do mapa mudo da imaxe (ou da ligazón **a**). Pode empregar a imaxe da páxina anterior ou a ligazón **b** para guiarse.

Ligazón a http://d-maps.com/carte.php?num_car=1970&lang=es

Ligazón b: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/3/39/Imperio_de_Alejandro_Magno_con_ruta.svg/1243pxImperio_de_Alejandro_Magno_con_ruta.svg.png

O mapa resultante debe integrar os principais territorios tomados baixo o control do exército macedónico: Macedonia, Tracia, Grecia, Asia Menor, Exipto, Fenicia, Siria, Persia, Asia Central e a rexión do val do Indo.

S7. En relación ao apartado anterior, realice un breve informe (entre 200 e 300 palabras no que afonde nalgunha das achegas realizadas por Grecia ao campo da cultura e do coñecemento ou nalgún dos individuos destacados no apartado. Para isto, pode buscar a información necesaria na biblioteca do centro ou na rede.

Exemplo: Hipócrates de Cos

Dentro dos médicos gregos, destaca entre todos eles Hipócrates (460 - 377 a. C.), considerado o médico máis importante da antigüidade e o pai do medicamento.

A importancia de Hipócrates radica no seu punto de vista antagónico ás crenzas tradicionais que outorgaban á enfermidade un carácter divino ou "castigo dos deuses". Fronte a esta opinión, Hipócrates ofrece unha visión racional na que considera que as enfermidades son o resultado dos hábitos vitais, a alimentación e o ambiente.

A medicina de Hipócrates considérase un medicamento pasivo. El cre que o corpo dispón das armas necesarias para autocurarse. O médico soamente debe proporcionar ao organismo aquelas estratexias máis adecuadas para permitirlle a autocuración. A medicina de Hipócrates concibe o repouso como unha das mellores armas para que o corpo poida sandar. Xunto a este repouso, a hixiene e a dieta son os mellores instrumentos para que o organismo poida equilibrarse. Os medicamentos xogan un papel secundario e úsanse moi raramente.

Entre as numerosas achegas de Hipócrates podemos mencionar as seguintes:

- O xuramento hipocrático, o compromiso da profesionalidade do médico.
- A importancia do diagnóstico no tratamento do paciente.
- A descrición de numerosas enfermidades.
- A elaboración dun vocabulario médico.
- A creación dunha bibliografía médica.

A pesar das súas moitas achegas, Hipócrates cometeu varios erros, como a *Teoría dos catro humores* ou o seu concepto de dietética baseada nesta teoría. Críticaselle o carácter pasivo da medicina de Hipócrates pola súa falta de diagnósticos específicos e tratamentos concretos.


S8. Observe a organización política da Roma republicana e indique que tipos de maxistrados existían e cales eran as súas funcións. Considera que existen semellanzas entre eses cargos e algún dos existentes na actualidade? Explique cales se asemellarían.

▪ Cónsules	▪ Parella de gobernantes que na teoría se vixiaban un ao outro para evitar a corrupción e que debían render contas ante o Senado ao final do seu mandato (que duraba un ano). O máis semellante no noso sistema sería o presidente do goberno.
▪ Edís	▪ Encargados da organización municipal. O posto máis semellante no noso sistema sería o de alcalde.
▪ Cuestores	▪ Encargados das cuestións económicas. O máis semellante na nosa época sería o ministerio de Facenda.
▪ Censores	▪ Encargados de censar á poboación e contar os seus bens. O máis semellante na nosa época sería o INE (Instituto Nacional de Estatística).
▪ Pretores	▪ Administraban xustiza. O máis semellante na nosa época serían os xuíces.

S9. Indique como funcionaba a sociedade romana na monarquía e na república.

- No eido **social**, a familia era a base da organización en Roma. O pai (**pater familias**) tiña a máxima autoridade no fogar e posuía o dereito a dispoñer da vida da súa esposa e dos fillos. As mulleres estaban relegadas a un papel doméstico, só podían ir a actos públicos acompañadas dos seus esposos. En canto ás **clases sociais**, a Roma da monarquía podía dividirse en:
 - **Patricios**. Clase aristocrática con plenos dereitos, que se consideraba descendente dos fundadores de Roma. Tiñan poder económico (posuían as terras) e político (controlaban o Senado).
 - **Plebeos**. A clase social máis numerosa e variada, integrados por habitantes de territorios dominados por Roma, estranxeiros, antigos escravos (**libertos**) etc.
 - **Escravos**. Clase formada por prisioneiros de guerra, individuos arruinados vendidos nos mercados de escravos ou individuos condenados á escravitude por un tribunal. Traballaban na agricultura, nas minas, actividades de construción e no servizo doméstico.
- No eido **social**, na cúspide da Roma republicana e xunto aos ricos **patricios**, apareceu outra clase acomodada economicamente: os **équites** ou cabaleiros, dedicados a actividades económicas na banca, no comercio ou como armadores. A **plebe** viu como a súa situación se volvía cada vez máis complicada, o que levou a rebelións e sublevacións que provocaron cambios sociais (como a creación dunha lei de repartición da terra máis equitativa, o repartimento de trigo entre as clases populares e a concesión da cidadanía aos habitantes de toda a Península Itálica). Finalmente, o número de **escravos** aumentou considerablemente.

- S10. Confeccione unha liña temporal na que aparezan as principais etapas e feitos da historia de Roma.



- S11. Explique os motivos polos cales os emperadores romanos perseguiron o cristianismo.

Os principios básicos do cristianismo foron dous: a igualdade de todas as persoas ante Deus e unha vida eterna tras a morte.

A mensaxe e a acción cristiá foi vista como un perigo por parte do poder romano, xa que abaneaba os fundamentos da sociedade escravista romana e negaba o culto debido ao emperador.

- S12. Enumere e explique as causas que provocan a caída do Imperio Romano de Occidente.

- A corrupción comezou a estar á orde do día entre os administradores romanos, e as guerras civís fixeron a súa reaparición. Os xenerais competían por ocupar o posto de emperador.
- A fin da expansión do Imperio trouxo consigo dificultades para manter as fronteiras, pois Roma sufriu os ataques dos pobos xermanos.
- Os ataques dos pobos bárbaros debilitaron a autoridade dos emperadores e facilitaron a alternancia no poder por medios violentos, o cal creou creando unha situación de caos.
- A inseguridade conduciu a unha situación de crise económica, xa que o imperio necesitaba recadar grandes cantidades de impostos para manter os seus exércitos e, ao mesmo tempo, os ingresos non deixaban de diminuír polas dificultades para manter as redes comerciais: as rutas eran cada vez máis inseguras.
- Coa perda do peso do comercio, as cidades perderon importancia e tanto as clases altas como as baixas comezaron a emigrar ás zonas rurais. Aquí as clases altas substituíron o poder imperial e convertéronse en caciques locais.
- Roma tivo que cederlles territorios aos pobos bárbaros para convertelos en aliados contra outros invasores, aínda así, resultaron ser en moitas ocasións uns aliados moi pouco fiables.

S13. Compare as características da arte grega e romana.

No terreo das artes, Grecia perseguiu especialmente a **beleza**, mentres que Roma se centrou na **funcionalidade**.

- En **arquitectura** atopamos en Grecia **templos**, edificios como o **teatro** (que era empregado para a arte dramática e para a política e a oratoria), **estadios** e **ximnasios**, galerías cubertas por pórticos nas que se intercambiaban ideas: as **stoas**. Roma incorporou o uso do **arco** e da **bóveda**, elementos descoñecidos polos gregos. Isto permitiulles levantar grandes obras de enxeñaría e edificios de grandes dimensións. Así, xunto aos **templos**, construíron **calzadas** e **pontes**, básicas para a actividade comercial; acuedutos para a condución da auga; **basílicas**, que eran lugares para actividades comerciais e para a administración da xustiza; **termas**, baños públicos; **circos**, **teatros** e **anfiteatros**, para representar espectáculos; **arcos** e **columnas**, para conmemorar os triunfos militares.
- En **escultura** existe en Grecia unha gran preocupación polo ideal de beleza, por isto os escultores lle dedicaban un gran traballo ao estudo anatómico e a representar harmoniosamente as proporcións humanas mediante unha serie de regras: o **canon**. Entre os materiais empregados destacan o bronce e o mármore. O interese principal da escultura romana foi o **retrato**, no cal representaban con fidelidade o individuo, sen omitir trazos propios da idade ou imperfeccións. Moitas destas esculturas, como as que mostraban os emperadores, tiñan unha finalidade propagandística.
- En **pintura** só nos chegaron de Grecia decoracións feitas sobre cerámica e que narran episodios mitolóxicos e feitos da vida cotiá, como o desempeño de oficios. En Roma sobreviviron moitos máis restos que no caso grego, e terían unha función fundamentalmente decorativa no interior dos edificios. En Roma atopamos tamén mosaicos que formaban imaxes mediante pequenas pezas de cerámica ou vidro, chamadas **teselas**. Polo seu elevado custo eran elementos de prestixio que decoraban os fogares das clases altas ou algúns edificios públicos. Representaban temáticas variadas: escenas da vida cotiá, históricas, mitolóxicas etc.

S14. Defina os seguintes termos. Lembre que existe un glosario ao final da unidade.

▪ Auriga	Individuo que na antigüidade clásica conducía un carro de carreiras nun circo, como a biga (tirada por dous cabalos) ou a cuádriga (tirada por catro).
▪ Anfiteatro	É un tipo de lugar público da civilización romana, utilizado para acoller espectáculos e xogos (loita de gladiadores, loita de animais). Destaca o anfiteatro Flavio ou Coliseo, do século I d. C.
▪ Termas	Recintos públicos destinados a baños típicos da civilización romana, con estancias reservadas para actividades ximnásticas e lúdicas. Tamén eran consideradas lugares de reunión. Destacan as de Caracalla.
▪ Basílica	Edificio amplo e dividido en naves que na época romana era destinado a actividades comerciais e á administración de xustiza. Os cristiáns empregárono como modelo para construír as súas primeiras igrexas.
▪ Acueduto	Sistema ou conxunto de sistemas de irrigación que permite transportar auga en forma de fluxo continuo desde un lugar no que está accesible na natureza ata un punto de consumo distante, xeralmente unha cidade ou poboado. Exemplo: o acueduto romano de Segovia.

- S15. Escolla un dos castros mencionados na teoría, ou ben un situado cerca da súa localización e realice unha busca de información a través da rede ou da biblioteca do centro. A continuación, elabore un breve informe no que indique a localización, cronoloxía, extensión e características do lugar escollido (100-150 palabras).

Castro de Elviña


Localización: o Castro de Elviña está situado na parroquia de San Vicente de Elviña, moi preto do campus universitario da Coruña e case na mesma cidade.

Cronoloxía: segundo os estudos arqueolóxicos, a súa ocupación comezou no século III a. C. A presenza romana debeu chegar no século I a. C. Parece que o asentamento foi abandonado ao redor o século II d. C.

Extensión: entre sete e oito hectáreas. Calcúlase que puideron chegar a vivir no castro uns 2000 habitantes.

Características: o castro conta con tres murallas e unha entrada monumental flanqueada por torres de defensa. Ten algunhas características pouco comúns, como vivendas cuadrangulares, un alxibe e un pequeno templo.

Elabore unha liña temporal en formato dixital que integre os aspectos máis significativos da conquista e romanización da Península Ibérica. Recoméndase o emprego da ferramenta “*Timeline*”, que pode atopar na seguinte ligazón: http://www.readwritethink.org/files/resources/interactives/timeline_2/



6.2 Solucións das actividades complementarias

S16. Organice un debate no grupo co obxectivo de indicar as semellanzas e as diferenzas entre a democracia ateniense e a actual democracia. Para obter dous grupos, recoméndase facer un pequeno exercicio de *roleplaying* (*simulación ou xogo de rol*) e formar un grupo que interprete a cidadáns atenienses do século V a.C. (a favor do seu propio sistema) e outro grupo no papel de defensores do sistema actual. Aconséllase o tratamento dos seguintes apartados, xunto a aqueles que o profesor/a considere axeitados:

- Requisitos para ser cidadán/á.
- Participación na toma de decisións. Quen pode participar e de que modo o fai.
- Elección de cargos públicos.
- Espazos nos que se discute de política e modo no que se fai.
- Dereitos e liberdades.

Cómpre lembrar que na parte final da unidade temos materiais complementarios recomendados e ligazóns de interese.

Para a avaliación da actividade, propoñemos o emprego dunha grella que pode ser a seguinte:

Indicadores	3	2	1	0
Traballo de preparación da exposición	Demostra a adquisición de extensos coñecementos previos no tema que debe tratar. Confecciona ferramentas que poden contribuir ao éxito da exposición, tales como guións, presentacións etc.	Demostra a adquisición de coñecementos previos no tema que debe tratar. Confecciona ferramentas que tentan cumprir co seu obxectivo.	O grao de adquisición de coñecementos previos sobre o tema que debe tratar é claramente mellorable. Apenas recorre a ferramentas para contribuir ao éxito da exposición.	O grao de adquisición de coñecementos previos sobre o tema que debe tratar é insuficiente. Non confecciona ferramentas para contribuir ao éxito da exposición.
Secuenciación e organización dos contidos	Domina os tempos de exposición, non se excede nin queda curto no uso deles. A organización de contidos resulta precisa e oportuna.	Controla os tempos de exposición, sen excederse nin quedar curto no uso deles por norma. A organización de contidos resulta precisa e oportuna a maior parte do tempo.	En ocasións excédesese ou queda curto no uso dos tempos. A organización de contidos non sempre resulta áxil, e poden estar ausentes cuestións de importancia, ou mesmo caer en repeticións.	Non respecta os tempos establecidos, queda curto no uso deles ou excédesese por norma. A organización ou presenta lagoas ou ben se evade cara a cuestións irrelevantes.
Claridade expositiva	Emprega o ton de voz e o uso da linguaxe adecuada,	Emprega por norma un bo ton de voz e uso da linguaxe,	O ton de voz, o uso da linguaxe e/ou a linguaxe corporal son	O ton de voz, o uso da linguaxe e/ou a linguaxe corporal

	acompañado dunha linguaxe corporal oportuna. Consegue manter o interese da audiencia.	acompañado dunha linguaxe corporal oportuna. A maior parte das veces consegue manter o interese da audiencia.	mellorables. O interese da audiencia pérdese en máis dun par de ocasións.	resultan inadecuados. En rara ocasión mantén o interese da audiencia.
Dominio do tema tratado	Consegue responder sen problema as preguntas expostas pola audiencia.	Consegue responder á maior parte de preguntas expostas pola audiencia.	Non responde de forma eficiente ás preguntas formuladas pola audiencia e demostra só coñecementos parciais do tema tratado.	Non consegue dar resposta ás preguntas expostas pola audiencia. Evita o tema tratado e non demostra posuír coñecementos suficientes sobre este.
Cualificación	<p>Suficiente: 5-6 puntos sobre os 12 posibles. Ben: 7-8 puntos sobre os 12 posibles. Notable: 9-10 puntos sobre os 12 posibles. Sobresaliente 11-12 puntos sobre os 12 posibles.</p>			

S17. **Proposta de traballo en grupo: investigue os cambios introducidos pola romanización no territorio galaico e realice unha exposición en formato multimedia acerca deles.**

Resposta libre. Recomendamos o emprego dunha grella para a avaliación de traballos en grupo e proxectos. Para orientármonos podemos empregar o seguinte modelo:

Indicadores	3	2	1	0
Emprego de ferramentas TIC	Domina as ferramentas marcadas para a actividade, atopa funcionalidades nelas pola súa conta ou descobre ferramentas novas de utilidade para levar a cabo a tarefa. Axúdalle ao resto do grupo cando atopa dificultades.	Emprega correctamente as ferramentas asignadas para a resolución da tarefa, podendo atopar algunha dificultade ocasional. Axúdalle ao grupo cando lle resulta posible e acepta consellos doutros participantes.	Atopa dificultades pero continúa aínda así coas tarefas asignadas. Acepta a axuda e consellos doutros participantes no grupo.	Non emprega as ferramentas ou négase a facer uso delas ao atopar dificultades. Ignora as ofertas de axuda para superar as dificultades atopadas.
Investigación e busca de información	Chega á información relevante pola súa conta e sen axuda externa.	Chega á información relevante, pero mediante orientación previa.	Obtén pezas soltas de información, pero o resultado é mellorable.	Non investiga nin atopa información útil.
Realización das tarefas asignadas	Cumpre por riba das expectativas coas tarefas asignadas. Axúdalle ao resto do grupo cando atopa dificultades.	Executa correctamente as tarefas asignadas.	Obvia parte dos seus cometidos, ou falla en parte ao levalos a cabo.	Obvia os seus cometidos, incúmpteos, ou falla completamente ao levalos a cabo.
Realización das tarefas asignadas	Cumpre por riba das expectativas coas tarefas asignadas. Axúdalle ao resto do grupo cando atopa dificultades.	Executa correctamente as tarefas asignadas.	Obvia parte dos seus cometidos, ou falla en parte ao levalos a cabo.	Obvia os seus cometidos, incúmpteos, ou falla completamente ao levalos a cabo.
Avaliación:	<p>Suficiente: 5-6 puntos sobre os 12 posibles. Ben: 7-8 puntos sobre os 12 posibles. Notable: 9-10 puntos sobre os 12 posibles. Sobresaliente 11-12 puntos sobre os 12 posibles.</p>			

6.3 Solucións dos exercicios de autoavaliación

1. Que é o lineal b?

- Unha forma de escritura.
- Un tipo de cerámica.
- Un modelo de fortificación.
- Un tipo de embarcación.

2. En que etapa situaron os gregos boa parte da súa mitoloxía, tal como a guerra de Troia ou os traballos de Hércules?

- Na Idade Escura
- Na Idade Arcaica.
- Na época micénica.
- Na época clásica.

3. Nas *poleis* gregas, onde se sitúan os templos?

- Na ágora.
- Na acrópole.
- Na *chora*.
- Nos foros imperiais.

4. Que é un trirreme?

- O nome que reciben os guerreiros gregos.
- Un santuario situado en Delfos.
- Un tipo de embarcación.
- Un tipo de cerámica.

5. Cal era o principal órgano de toma de decisións na democracia ateniense?

- Os metecos.
- As maxistraturas.
- A *boulé*.
- A *ecclesía*.

6. Cal era o grupo máis numeroso da sociedade espartana?

- Os espartiatas.
- Os éforos.
- Os periecos.
- Os ilotas.

7. Quen gañou a guerra do Peloponeso?

- Atenas.
- Esparta.
- Persia.
- Roma.

8. Cal dos seguintes pensadores gregos destacou no campo da medicina?

- Euclides.
- Heródoto.
- Sócrates.
- Hipócrates.

9. Como se chamaban os cidadáns ricos e poderosos da época da monarquía romana?

- Patricios.
- Plebeos.
- Espartiatas.
- Libertos.

10. Cal foi o primeiro emperador de Roma?

- Xulio César.
- Octavio Augusto.
- Sila.
- Alexandre Magno.

11. Que medida fixo legal a práctica do cristianismo en Roma?

- O Edicto de Milán.
- Os *idus* de marzo.
- A donación de Constantino.
- A crise do século III.

12. Cal foi o último emperador de Roma?

- Odoacro.
- Rómulo Augusto.
- Atila.
- Belisario.

13. Que xogos eran os que se celebraban, principalmente, nos **circos** romanos?

- Competicións teatrais.
- Xogos de gladiadores.
- Carreiras de cuadrigas.
- Cazarías de animais exóticos.

14. Cal dos seguintes foi o primeiro pobo en establecer colonias na Península Ibérica?

- Roma.
- Cartago.
- Grecia.
- Fenicia.

15. Que cidade galega evolucionou dun antigo campamento militar romano?

- Betanzos.
- Ferrol.
- Lugo.
- Vigo.

7. Glosario

Para facilitar o estudo da unidade, achegamos a seguinte listaxe de termos en orde alfabética. É recomendable que o alumnado faga emprego deste glosario para así evitar unha memorización baleira dos contidos e facilitar unha comprensión real da unidade.

A	▪ Acueduto	Sistema ou conxunto de sistemas de irrigación que permite transportar a auga en forma de fluxo continuo dende un lugar no que está accesible na natureza ata un punto de consumo distante, xeralmente unha cidade ou poboado. Exemplo: o acueduto romano de Segovia.
	▪ Anfiteatro	É un tipo de lugar público da civilización romana, utilizado para acoller espectáculos e xogos (loita de gladiadores, loita de animais). Destaca o anfiteatro Flavio ou Coliseo, do século I d. C.
	▪ Apella	Asemblea espartana que non tiña un poder de decisión como en Atenas, senón que era un órgano de consulta no cal os dirixentes procuraban ver se as súas políticas contaban co apoio dos cidadáns.
	▪ Auriga	Individuo que na antigüidade clásica conducía un carro de carreiras nun circo, como a biga (tirada por dous cabalos) ou a cuadriga (tirada por catro).
	▪ Arúspice	Tipo de sacerdote romano dedicado á adiviñación, que interpreta o futuro e o favor dos deuses nas vísceras dos animais sacrificados.
	▪ Augur	Tipo de sacerdote romano dedicado á adiviñación, que interpreta o futuro e o favor dos deuses no voo trazado polas aves.
	▪ Aristocracia	Clase social alta, formada polos individuos que posúen un título nobiliario herdado dos seus antepasados ou concedido polo monarca.
B	▪ Basílica	Edificio amplo e dividido en naves que na época romana era destinado a actividades comerciais e á administración de xustiza. Os cristiáns empregárono como modelo para construír as súas primeiras igrexas.
	▪ Boulé	Ou Consello dos Cincocentos. Encargábase de preparar os asuntos que se discutían na asemblea ateniense. Estaba formada por cincocentos cidadáns varóns adultos escollidos por sorteo.
C	▪ Canon	Modelo ou prototipo que reúne as características que se consideran perfectas no seu xénero, especialmente o referido á figura humana que reúne as proporcións ideais.
	▪ Catacumbas	Galerías subterráneas escavadas en cidades do Mediterráneo como lugares de enterramento. As de Roma comezaron a construírse no século II d. C. e foron lugar de enterramento dos cristiáns primitivos, pero tamén lugar de culto e agocho durante a época de persecución do cristianismo.
	▪ Cerámica xeométrica	Cerámica da Idade Escura, propia da civilización grega, caracterizada polo emprego de motivos xeométricos na súa decoración. É un resto arqueolóxico de grande utilidade, xa que permite datar os xacementos nos que é atopada.
	▪ Circo	Recinto romano destinado a fins lúdicos, principalmente ás carreiras de carros tirados por cabalos (bigas e cuadrigas).

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Criptias 	Cazarías humanas anuais organizadas polos cidadáns espartanos, para eliminar os potenciais líderes ilotas e evitar a organización de rebelións na súa contra.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cuadriga 	Carro tirado por catro cabalos, especialmente o que se utilizaba na antiga Roma nos desfiles triunfais e nas carreiras do circo.
D	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dinastía 	Serie de reis ou soberanos que pertencen á mesma familia.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dorios, eolios e xonios 	Tribos gregas que se expandiron durante a Idade Escura e que formaron os principais dialectos do grego da época clásica.
E	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Edito de Milán 	Promulgado polo emperador Constantino no 313 d. C., establecía a fin da persecución das minorías relixiosas en Roma e a liberdade de culto.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Éforos 	Maxistrados espartanos que tiñan a tarefa de vixiar os reis e velar polo cumprimento da constitución.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ecclesia 	Asemblea ateniense, principal órgano de toma de decisións da cidade. Estaba composta por todos os cidadáns varóns maiores de 18 anos. A <i>ecclesia</i> votaba as leis, escollía os seus gobernantes (arcontes) e decidía en asuntos de guerra e paz.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Équites 	Clase social da antiga Roma que vai cambiando en importancia ao longo da súa historia. Na época da monarquía, intégra a quen pode permitirse dispoñer de polo menos dous cabalos; na república forman parte dela cidadáns ricos e emprendedores e na época imperial entran de forma activa na política, a miúdo como aliados dos emperadores.
G	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Guerras púnicas 	Serie de conflitos armados (tres) que enfrontaron entre os anos 264 a. C. e 146 a. C. as dúas principais potencias do Mediterráneo occidental da época: Roma e Cartago. A vencedora última destes encontros foi Roma.
H	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hegemon 	Na antiga Grecia, dirixente dunha liga ou alianza militar. O <i>hegemon</i> , na práctica, comportábase como o dirixente dos territorios que formaban parte da devandita alianza.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Helenismo 	Conxunto das características propias da cultura e civilización gregas, que servían para proporcionar unha identidade en común aos habitantes da Grecia antiga. Forman parte da cultura helena elementos tales como a lingua, a relixión ou as tradicións.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Hoplita 	Cidadán soldado da antiga Grecia. O seu nome deriva do gran escudo (<i>hoplón</i>) que portaban na batalla. No exército hoplítico coincidían distintos estratos sociais, e facilitaba o sentimento de pertenza á mesma cidade.
I	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ilotas 	Escravos que formaban o grupo máis numeroso da sociedade espartana. Vivían nun réxime de traballo e condicións extremadamente duras.
L	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Libertos 	Na antiga Roma, son os escravos que obtiveron a súa liberdade. Isto pode deberse, en liñas xerais, a que o seu amo os libera no seu testamento, como recompensa por algún acto, ou a que o escravo compra a súa propia liberdade (xa que en Roma os escravos dispuñan de bens e de salario).
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Liga de Delos 	Alianza militar liderada por Atenas, na cal os integrantes da liga debían achegar diñeiro, tropas e navíos para as expedicións militares.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lineal b 	Sistema de escritura empregado pola cultura micénica, usado fundamentalmente con fins administrativas e que se anticipou en varios séculos ao alfabeto grego.
M	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mámoa 	Enterramento colectivo castrexo da idade do bronce, formado por unha cámara cuberta feita por lousas de pedra e recuberta con terra.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Metecos 	Individuos libres que vivían en Atenas pero que carecían da capacidade de intervención na vida política da cidade. Non podían posuír terras.
O	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Oligarquía 	Sistema de goberno no que o poder está en mans dunhas poucas persoas pertencentes a unha clase social privilexiada.
P	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Periecos 	Individuos libres que vivían en Esparta pero que non eran cidadáns. Dedicábanse ao comercio e á artesanía, e aínda que non podían participar na vida política si podían formar parte do exército da cidade e obter lotes de terras.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Pax romana 	Longo período de estabilidade vivida por Roma entre o século I e o II d. C., dende a chegada ao poder do emperador Octavio Augusto ata a morte do emperador Marco Aurelio, e caracterizado pola ausencia de conflitos internos e o éxito nos externos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Patricios 	Clase social privilexiada de Roma. O seu título provén de "pater" (padre), dado que se consideraban descendentes dos fundadores da cidade.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Plebeos 	Grupo social amplo e heteroxéneo que, ao contrario que os patricios, non podían trazar a súa xenealoxía ata os fundadores da cidade. Co paso do tempo pasou de ser un grupo semellante ao dos metecos en Roma para obter a grande escala a cidadanía.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Polis 	Na antiga Grecia, comunidade política que se administraba por si mesma, constituída en liñas xerais por unha agrupación urbana e o territorio circundante.
R	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rethra 	Constitución espartana que ten lugar no século IX a. C., atribuída ao lexislador Licurgo. Senta as bases do funcionamento desta polis.
S	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Stoa 	Galería cuberta do ágora grega que resgardaba da intemperie e do sol e utilizábase como lugar público de encontro.
T	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Termas 	Recintos públicos destinados aos baños típicos da civilización romana, con estancias reservadas para actividades ximnásticas e lúdicas. Tamén eran consideradas lugares de reunión. Destacan as de <i>Caracalla</i> .
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Tribo 	Conxunto de familias que posúen un devanceiro común.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Trirreme 	Nave de guerra inventada en torno ao século VII a. C. O seu nome provén de que tiña tres bancos de remeiros superpostos a distintos niveis nos seus flancos.
X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xerusia 	Consello de anciáns espartano, que se encargaba de preparar os asuntos tratados na súa asemblea. Os seus integrantes tiñan máis de 60 anos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xogos olímpicos 	Competicións atléticas entre as distintas cidades-estado gregas. Comezaron no 776 a. C. Celebrábanse cada catro anos na cidade de Olimpia, de onde reciben o seu nome.

8. Bibliografía e recursos

Bibliografía

A presente bibliografía reflicte aqueles materiais ao redor dos cales foi elaborada esta unidade e tamén algunhas suxestións que pode empregar tanto o profesorado como o alumnado para afondar nos distintos puntos tratados nela.

- VV.AA. *Xeografía e Historia, serie descubre*. 1º da ESO. 2015. Santillana.
- VV.AA. *Historia. Tomo 6. Los orígenes de Grecia*. 2015. National Geographic.
- VV.AA. *Historia. Tomo 7. La Grecia clásica*. 2015. National Geographic.
- VV.AA. *Historia. Tomo 8. El declive de Atenas*. 2015. National Geographic.
- VV.AA. *Historia. Tomo 9. El imperio de Alejandro*. 2015. National Geographic.
- VV.AA. *Historia. Tomo 10. La república romana*. 2015. National Geographic.
- VV.AA. *Historia. Tomo 11. Roma conquista el Mediterráneo*. 2015. National Geographic.
- VV.AA. *Historia. Tomo 12. El fin de la república romana*. 2015. National Geographic.
- VV.AA. *Historia. Tomo 13. La Roma imperial*. 2015. National Geographic.
- VV.AA. *Historia. Tomo 12. Roma domina el mundo*. 2015. National Geographic.
- VV.AA. *Historia. Tomo 13. La caída del imperio romano*. 2015. National Geographic.
- VV.AA. *Historia de las mujeres. Tomo 1. La antigüedad*. 1993. Taurus.
- VV.AA. *Así vivieron en la antigua Roma*. 2010. Anaya.
- VV.AA. *Ciencia. La guía visual definitiva*. 2010. Akal.
- Barciela Garrido, Pilar e Rey Seara, Eusebio. *Xacementos arqueolóxicos de Galicia*. 2000. Roteiros.
- Camp, John y Fisher, Elizabeth. *El mundo de los antiguos griegos*. 2004. Blume.
- Connolly, Peter y Dodge, Hazel. *La ciudad antigua*. 1998. Acento.
- Connolly, Peter. *La guerra en Grecia y Roma*. 2016. Desperta Ferro.
- Gabucci, Ada. *Grandes civilizaciones. Roma*. 2005. Mondadori.
- Matyszak, Philip. *Ancient Athens on five dracmas a day*. 2008. Times and Hudson.
- Matyszak, Philip. *Classical compendium*. 2009. Times and Hudson.
- Matyszak, Philip. *Ancient Rome o five denarii a day*. 2007. Times and Hudson.
- Pérez Almoguera, Arturo. *La civilización griega*. 2010. Anaya.

- López Melero, Raquel. *Así vivieron en la antigua Grecia*. 2009. Anaya.
- Ratto, Stefanía. *Grandes civilizaciones. Grecia*. 2006. Mondadori.

Ligazóns de Internet

Ao igual que no caso da bibliografía, mostramos a continuación algunhas páxinas e recursos que permiten afondar nos distintos puntos tratados ao longo da unidade. Poden facilitar tanto a comprensión dos contidos como a realización das actividades propostas.

- A civilización micénica: http://clio.rediris.es/fichas/minos_micenica.htm
- A Idade Escura:
<http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/griego/esg142ca4.php>
- O nacemento da polis: http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/el-nacimiento-de-grecia_6286/6
- As colonizacións: <http://ocw.unican.es/humanidades/historia-del-proximo-oriente/modulo-5/grecia-arcaica-i-las-colonizaciones>
- A muller na Atenas clásica: http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/un-dia-en-la-vida-de-una-mujer-en-la-atenas-clasica_6364/7
- A democracia en Atenas:
http://recursostic.educacion.es/kairos/web/enseñanzas/eso/antigua/grecia_06_00.html
- Esparta e a guerra: <https://www.guioteca.com/mitos-y-enigmas/esparta-por-que-fue-el-pueblo-guerrero-mas-famoso-de-la-historia/>
- Morte de Alexandre Magno e a repartición do seu imperio:
<http://www.abc.es/cultura/20150206/abci-alejandro-magno-ultimas-palabras-201502051733.html>
- A arte grega: <https://thales.cica.es/rd/Recursos/rd98/HisArtLit/01/artegr.htm>
- Mitoloxía grega: https://www.ecured.cu/Mitología_griega
- O mito de Rómulo e Remo: <http://www.historia-roma.com/01-romulo.php>
- A escravitude en Roma: <http://www.romanorumvita.com/?p=7343&lang=es>
- A vida da muller en Roma: <http://arquehistoria.com/la-mujer-en-la-roma-antigua-5522>
- O exército romano:
<http://www.regmurcia.com/servlet/s.SI?sit=c,373,m,2916&r=ReP-22681->

DETALLE_REPORTAJESPADRE

- Inimigos de Roma. Pirro: <https://revistadehistoria.es/pirro-rey-de-epiro/>
- As guerras púnicas: <http://www.romaimperial.com/guerras-punicas/>
- A crise do imperio. Atila:
http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/atila-la-pesadilla-de-roma_6288/8
- A arte romana: <http://www.webcultura.net/u-arte-romano.html>
- A relixión romana: <https://sites.google.com/site/slhpqp/cultura/civilizacion/religion>
- Espectáculos romanos. O Coliseo:
http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/el-coliseo-de-roma_7275/3
- Castros galegos destacados:
http://www.turismo.gal/que-visitar/destacados/petroglifos-dolmens-e-castros/castros?langId=es_ES
- A conquista romana:
http://educativa.catedu.es/44700165/aula/archivos/repositorio/3750/3885/html/1_vienen_los_romanos_la_conquista_de_hispania.html
- As pegadas de Roma en Galicia: <http://www.galiciaunica.es/cuando-galicia-fue-romana/>

Outros recursos

Para o estimular a curiosidade e facilitar o estudo do ámbito social é recomendable o emprego de materiais diversos que poidan ter información relacionada cos contidos tratados. Presentamos a continuación unha pequena escollo de documentais, películas, libros, videoxogos, aplicacións e banda deseñada que poden resultar de interese ou inspiración.

- *“Puertas de fuego”* e *“Vientos de guerra”*, de Steven Pressfield. Novelas históricas que toman a Esparta no primeiro caso e a Atenas no segundo como escenarios principais da trama. *“Puertas de Fuego”* narra os acontecementos que conducen á batalla das Termópilas, *“Vientos de guerra”* trata a vida de Alcibíades.
- *“Apotheon”*, videoxogo de 2015 inspirado na mitoloxía grega, cunha particular estética influenciada pola cerámica de figuras negras.
- *“La edad del bronce”*, de Eric Shanower. Banda deseñada que trata o desenvolvemento da guerra de Troia, dende unha perspectiva puramente humana



e na que non interveñen os deuses. Conta cun gran traballo de documentación baseado na arqueoloxía para representar axeitadamente panoplias, fortificacións, embarcacións, santuarios etc.

- *“Democracia”*, de Papadatos, Kawa e Di Donna. Banda deseñada que trata o nacemento da democracia en Atenas, que afonda nas relacións entre *poleis* e a importancia do santuario de Delfos.
- *“Time maps. Historia de Grecia Antigua”*. Aplicación para dispositivos móbiles que funciona como atlas interactivo.
- *“Furia de titanes”*, dirixida por Desmond Davies en 1981. Clásico das películas de aventuras inspirado nas andanzas no mitolóxico heroe Perseo e que conta cos aínda impresionantes efectos especiais de Ray Harrihausen.
- *“Cyclades”*, xogo de mesa de 2 a 5 xogadores editado por Asmodee. De gran inspiración mitolóxica, os xogadores toman o papel de dirixente dunha das *poleis* de Grecia que compiten contra o resto e procuran obter o favor dos deuses.
- *“Roma, un imperio sin límites”*, serie de documentais do ano 2016 que foron realizados pola historiadora Mary Beard.
- *“Yo, Claudio”*, serie de 1976 da BBC baseada na novela homónima de Robert Graves, que trata as intrigas de palacio en Roma dende Octavio Augusto ata Nerón.
- *“Roma”*, serie de 2005 da HBO que trata os acontecementos que poñen fin á república romana e conducen á chegada do imperio.
- Edge Entertainment. Os xogadores toman o papel de empresarios romanos que compiten por realizar os espectáculos de maior éxito.
- *Saga de Marco Didio Falco*, da autora Lindsey Davis. Serie de novelas detectivescas e humorísticas que seguen a vida dun investigador na Roma imperial, nos tempos do emperador Vespasiano.

9. Anexo. Licenza de recursos

Licenzas de recursos utilizadas nesta unidade didáctica

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 RECURSO 1	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: SaxumLeft Licenza: Creative Commons Procedencia: Wikimedia Commons 	 RECURSO 2	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Mediatius Licenza: Creative Commons Procedencia: Wikimedia Commons
 RECURSO 3	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Jebulon Licenza: Dominio público Procedencia: Wikimedia Commons 	 RECURSO 4	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: EDSITEment Licenza: Dominio público Procedencia: edsitement.neh.gov
 RECURSO 5	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Leo von Kleeze Licenza: Dominio público Procedencia: Wikimedia Commons 	 RECURSO 6	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: EDSITEment Licenza: Dominio público Procedencia: edsitement.neh.gov
 RECURSO 7	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Jarke Licenza: Creative Commons Procedencia: Wikimedia Commons 	 RECURSO 8	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: anónimo Licenza: Creative Commons Procedencia: Wikimedia Commons
 RECURSO 9	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: d-maps.com Licenza: copyright (uso autorizado) Procedencia: http://d-maps.com/carte.php?num_car=1966&lang=es 	 RECURSO 10	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Rafael Sanzio Licenza: Dominio público Procedencia: Wikimedia Commons
 RECURSO 11	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Ssolbergj Licenza: Creative Commons Procedencia: Wikimedia Commons 	 RECURSO 12	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Jastrow Licenza: Dominio público Procedencia: Wikimedia Commons
 RECURSO 13	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Cesare Maccari Licenza: Dominio público Procedencia: Wikimedia Commons 	 RECURSO 14	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Ssolbergj Licenza: Creative Commons Procedencia: Wikimedia Commons
 RECURSO 15	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Geuiwogbil Licenza: Creative Commons Procedencia: Wikimedia Commons 	 RECURSO 16	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Lokilech Licenza: Creative Commons Procedencia: Wikimedia Commons
 RECURSO 17	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Dulcem Licenza: Dominio público Procedencia: Wikimedia Commons 	 RECURSO 18	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: HombreDhojalata Licenza: Creative Commons Procedencia: Wikimedia Commons
 RECURSO 19	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Rastrojo Licenza: Dominio público Procedencia: Wikimedia Commons 	 RECURSO 20	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: F. Javier Peteiro Cruz Licenza: Dominio público Procedencia: www.readwritethink.org

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 <p>RECURSO 21</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoría: F. Javier Peteiro Cruz ▪ Licenza: Dominio público ▪ Procedencia: www.readwritethink.org 	 <p>RECURSO 22</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Autoría: F. Javier Peteiro Cruz ▪ Licenza: Dominio público ▪ Procedencia: www.readwritethink.org